Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

LIÑA DO TEMPO

http://www.culturagalega.org/album/

# As mulleres na Historia

**4.0 | 19/06/2007**

3.0 | 14/11/2006

2.0 | 05/04/2006

1.0 | 02/12/2005

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

# GALICIA

# MEDIEVO

- Século IV: Exeria percorre occidente, recolle datos e escribe libros de viaxes.

- As familias con posibilidades económicas fundan mosteiros de mulleres, crean así lugares axeitados para as súas fillas solteiras.

- Ata o século X danse casos de comunidades monásticas mixtas rexidas por abade e abadesa.

- Século X: Elabóranse escritos en que os corpos das mulleres se identifican coa contaminación. O afán por enclaustrar as mulleres eclesiásticas é crecente. Desde mediados de século as mulleres non poden testificar nos xuízos e nos documentos déixase de facer referencia a elas. A idade de casamento para as mulleres é de 12 anos, a dos homes 14.

- Século XII: Reino de Galicia, participación activa da raíña Urraca neste proxecto xunto co arcebispo Xelmírez e co conde de Traba, preceptor do rei Alfonso VII. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública. Primeiras composicións literarias en galego. En 1105: as mulleres gozan de estatuto de veciñanza pleno (Fuero de Santiago); hai presenza de mulleres no traballo artesanal con diferenza salarial respecto dos homes e a favor destes; as viúvas acceden ao traballo dos esposos, se entran nun gremio, están sometidas ás mesmas normas que os homes, sempre e cando permanezan viúvas ou casen con homes do gremio. En 1116 Urraca é apedrada e arrastrada polas rúas.

- Século XIII: Vive María Balteira, soldadeira que exerce o seu traballo nos reinos de Castela, Galicia e Al-Andalus.

- Século XIV: Movementos comunais contra os señores nas vilas e nas cidades galegas. A peste negra invade Galicia, alto índice de mortalidade. Guerra entre Enrique II e Pedro I de Trastámara na que Galicia participa activamente nun ou noutro bando. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública; destaca María Castaña, muller traballadora dun gremio en Lugo.

- Século XV: Primeira sublevación irmandiña (1431). Guerra irmandiña (1465-1469). Enfrontamento de Pardo de Cela cos Reis Católicos. Presenza de mulleres nos movementos de protesta pública.

# Século XVI

- Imposición do castelán como idioma escrito nos mosteiros, conventos, na vida legal, etc.

- 1520: Nace en Pontedeume Isabel de Castro y Andrade.

- 1525: Fúndase a Universidade de Santiago de Compostela.

- 1528: Constitúese o Reino de Galicia en Santiago de Compostela.

- 1533: O 11 de xaneiro, a Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda a creación das provincias da Coruña e Tui.

- 1573: Perda dos dereitos de arribada do comercio de América.

- 1575: Primeiro auto de fe da Inquisición.

- 1589: Defensa das costas galegas fronte aos ataques ingleses; destaca María Pita.

- 1596: Isabel Barreto conclúe en Manila a súa expedición.

# Século XVII

- De novo as costas galegas están ameazadas por corsarios e piratas, as mulleres volven ser protagonistas da súa defensa, como é o caso de María Soliña en Cangas.

- 1610: Introdúcese no Barbanza o cultivo do millo.

- 1622: Galicia compra o dereito a voto en Cortes.

- 1633: Constrúese unha armada galega para a defensa da costa.

- 1685: Instálase en Sada a primeira industria téxtil destinada a producir velas para os navíos da armada.

# Século XVIII

- Tres ilustrados galegos abordan a defensa das mulleres nalgunha das súas obras: Vicente do Seixo e os frades Feijoo e Martín Sarmiento.

- As ilustradas María Teresa Caamaño e María Francisca Isla queiman a súa obra.

- Participación de mulleres nos conflitos «ludistas».

- 1726: Creación do estaleiro real do Ferrol.

- 1749: Comeza a construción da estrada A Coruña-Madrid.

- 1773-1779: Expedicións de familias galegas para poboar Uruguai e A Patagonia.

- 1784 Sociedades de Amigos del País, onde participan mulleres como membros activos.

- 1800: Primeiro xornal de Galicia: *El catón compostelano.*

# Século XIX

## 1801-1850

- 1808: Constitución da Junta Suprema de Galicia.

- 1809: Fin da guerra da Independencia en Galicia. No mes de xuño, na batalla de Ponte Sampaio o pobo galego derrota o exército francés.

- 1815: Pronunciamento de Porlier na Coruña.

- 1820: A Coruña, Ferrol, Vigo e Pontevedra sublévanse contra o réxime absolutista. Na Coruña, Acevedo secunda o levantamento de Riego, que dá comezo ao Trienio Liberal. Nace en Ferrol Concepción Arenal.

- Nace na Coruña Virginia Felicia Auber y Noya.

- 1833: Coa reforma administrativa de Javier de Burgos ponse fin de xeito formal ao Reino de Galicia e pásase a unha organización en catro provincias (sete con anterioridade).

- 1834: División en partidos xudiciais. Betanzos perde a titularidade de provincia.

- 1835: Instalación definitiva das deputacións provinciais.

- 1835-1836: División en concellos.

- 1837: Nace Rosalía de Castro o 24 de febreiro.

- 1840: Inicio do Movemento Provincialista, que defende a especificidade de Galicia.

- 1842: Antolín Faraldo no seo da Academia Literaria de Santiago pronuncia a conferencia «Esclavas aún las mujeres, la filosofía del siglo XIX debe proclamar justa su emancipación».

- 1846: Levantamento progresista e galeguista. Manifesto provincialista de Faraldo. Organízase a Junta Suprema do Reino de Galicia. Execución dos mártires de Carral.

## 1851-1900

- 1851: Nacen Concepción Sáiz (22 de maio), que chegará a ser unha pedagoga ligada á Institución Libre de Enseñanza, e Emilia Pardo Bazán (16 de setembro), que chegará a ser unha importante novelista e ensaísta, ambas as dúas ocúpanse da defensa e promoción das mulleres.

- 1853: Sae á rúa o *Faro de Vigo*.

- 1854: La Unión Liberal reivindica o «sufraxio universal comprensivo de todas as mulleres de probidade».

- 1860-1870: Período de grande actividade literaria de mulleres. Debate feminista na prensa, liceos e ateneos. Os escritos de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán reclaman reformas legais, dereitos sociais e políticos, mellora e promoción das mulleres e o acceso xeral á educación. No terreo da educación a obra de C. Arenal influirá en pedagogas como María Barbeito. Aparición de publicacións como *Iris del bello sexo*, que contan con achegas de mulleres.

- 1861: Primeiros Xogos Florais de Pontevedra, estes e os seguintes contan sempre coa participación de escritoras galegas.

- 1862: Nace en Culleredo Sofía Casanova.

- 1863: Publícase a obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*.

- 1864: Congreso Agrícola Galego.

- 1866: Publícase *Las literatas*, obra de Rosalía que afonda no debate sobre o papel e o valor social das mulleres.

- 1868: Nace en Valga Carolina Otero.

- 1870: Fúndase a Asociación para la Enseñanza de la Mujer.

- 1871: Resistencia e amotinamento contra as contribucións en varias localidades.

-1872: Insurrección republicana-federal no arsenal de Ferrol entre os días 12 e 17 de outubro.

- 1873: Folga obreira na Coruña. Pérez Costales defende nas Cortes españolas o regulamento segundo o que Galicia debe ser gobernada por galegos. O grupo republicano federal de Compostela crea un proxecto para a nova organización de Galicia. Créase o Partido Republicano Federal Gallego. Inauguración do primeiro treito galego de ferrocarril Carril-Cornes.

- 1875: Nace María Vinyals y Ferrés en Mos, quen participará na polémica feminista do seu tempo.

- 1876: Convocatoria de certame literario en Ourense coa finalidade de premiar o mellor estudo crítico sobre a obra do frade Benito Jerónimo Feijoo. Morre na Coruña Narcisa Pérez Reollo.

- 1878: Sae á rúa *El Correo Gallego.* Creación da Escuela de Comercio para Mujeres.

- 1879: Fúndase o Centro Gallego de Montevideo. Inaugúrase o Ateneo de Ferrol.

- 1880: Nace na Coruña María Barbeito Cerviño.

- 1882: Sae á rúa *La Voz de Galicia*.

- 1883: Vía ferroviaria que comunica Galicia co resto do estado.

- 1886: Nace na Coruña María Muñoz de Quevedo.

- 1887: Proxecto para o estado galaico elaborado pola Asamblea Federal de Lugo; recolle o dereito ao voto das mulleres «como electoras», non como elixibles. Congreso rexional sobre educación en Pontevedra.

-1888: Primeiras probas de iluminación eléctrica en Pontevedra.

- 1889: Nace na Coruña Syra Alonso.

- 1890: Constitúese en Compostela a Asociación Regionalista Gallega. Nace Ernestina Otero Sestelo, representante da Asociación Libre de Enseñanza.

- 1891: Traslado dos restos de Rosalía a Bonaval. En Ferrol créase a primeira asociación socialista de Galicia.

- 1892: Emilia Pardo Bazán dirixe a Biblioteca da Muller.

- 1893: Morre a xurista, socióloga e pedagoga Concepción Arenal Ponte.

-1895: Nace en Santa María de Guísamo María Miramontes.

- 1896: Matriculada a primeira alumna na USC. Primeira proba de iluminación eléctrica en Vigo.

- 1898: Nace en Vigo Olimpia Valencia.

# Século XX

## 1901-1920

- Matriculadas tres estudantes en bacharelato.

- 1901: Primeira muller licenciada na USC, obtén a licenciatura de Farmacia. En Tui constitúese a Unión Obrera Galaico-Portuguesa.

- 1902: Nace Maruja Mallo en Viveiro, chegará a ser unha das pintoras galegas máis recoñecidas a nivel mundial.

- 1903: Créase a Escola Rexional Galega de Declamación, primeira compañía teatral dedicada á realización de espectáculos en galego.

- 1904: Nace en Carril María Araúxo, chegará a ser guerrilleira galega e miliciana en Cuba.

- 1906: A Academia Galega creada na Habana un ano antes é recoñecida publicamente. Filomena Dato, Carmen Beceiro de Pato, Sofía Casanova, Emilia Calé, Sarah Lorenzana, Clara Corral Aller, Rita Corral Aller, Elisa Lestache de Caramelo, Ramona de la Peña y Salvador, Mercedes Vieito, Hipólita Moíño, Fanny Garrido, Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Mercedes Tella e María Vinyals son nomeadas académicas correspondentes da RAG.

- 1907: Primeiras organizacións agrarias. Nace en Noia María Mariño.

- 1908: Sae á rúa *El Progreso* de Lugo.

- 1910: Nace en Castroverde Enriqueta Otero. Jesusa Prado chega a Cuba con 13 anos.

- 1911: Pilar Castillo comeza a súa actividade concertística.

- 1914: Debuta a soprano lírica compostelá Ofelia Nieto.

- 1916: Na Coruña fúndanse as Irmandades da Fala. Loitas contra o sistema foral. Edítase o primeiro número de *A Nosa Terra*.

- 1918: A Asamblea Nacionalista de Lugo recoñece no seu articulado a igualdade de dereitos para as mulleres e reclama a cooficialidade do galego e castelán. Jimena e Elisa

Fernández de la Vega licéncianse en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela.

- 1920: Matriculadas 427 alumnas en bacharelato.

- 1922: Nace na Coruña María Casares.

- Desde a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela desenvólvese unha incipiente promoción artística, con presenza de produción de mulleres; nos eventos convocados entre 1912-1930 baixo o nome de «pintura gallega» participan, entre outras, Elvira Santiso e Maruja Mallo.

## 1921-1940

- Entre os anos vinte e trinta nacen unha gran cantidade e variedade de asociacións de mulleres, tanto de carácter político como cultural, vencelladas ás Irmandades da Fala, o PSOE, organizacións anarquistas, organizacións republicanas, PC.
- 1921: A cantante María Valverde trasládase a Cuba.

- 1922: Nace en Oza dos Ríos María Antonia Dans e na Coruña María Casares.

- 1923: Créase o Seminario de Estudos Galegos. As Irmandades da Fala fundan Escolas do Insiño Galego.

- 1924: Primeiras cooperativas leiteiras en Pontedeume. Luisa Cuesta Gutiérrez comeza a impartir clases na Universidade de Santiago de Compostela.

- 1926: O goberno de Primo de Rivera aproba o Decreto-lei de redención forzosa dos foros.

- 1928: Carmen Cornes emigra á Arxentina con 16 anos.

- 1929: Créase a Organización Republicana Gallega (ORGA). Francisca Morlán Ramos monta unha escola en Sada.

- 1930: Matriculadas 956 alumnas en bacharelato. Nace en Santiago de Compostela Aida Méndez Miaja, que chegará a ser química e investigadora da USC e do CSIC.

- 1931: Fundación do Partido Galeguista; conta no seu seo con grupos de mulleres organizados en Ourense e nas Mocedades, e cunha sección propia no voceiro desta formación política, *A Nosa Terra*. Os deputados galeguistas votan maioritariamente a favor do dereito ao voto das mulleres.

- 1932: Publícase o *Método de lectura* de Xosefa Vilarelle. Redacción do Estatuto de autonomía de Galicia.

- 1933: Galicia é recoñecida como nación no IX Congreso das Minorías Nacionais de Europa organizado pola ONU. Morre Elisa Fernández de la Vega.

- 1934: Isabel Ríos Lazcano afíliase ao Partido Comunista.

- 1935: Inaugúrase o aeródromo de Lavacolla, nun futuro será Aeroporto de Santiago.

- 1936: Apróbase o Estatuto de autonomía. Os grupos de mulleres farán unha campaña específica no seu apoio. Manifesto de mulleres nacionalistas ourensás dirixido a todas as galegas. Morre no Monte da Gándara Juana Capdevielle.

- A sublevación militar fascista domina Galicia en poucas semanas. Entre as súas prácticas represivas máis sanguentas destacan os fusilamentos e paseos, dos que tamén serán vítimas as mulleres. Creación das Milicias Gallegas no bando republicano. Aparición dunha gran cantidade de fuxidos para organizar a resistencia e escapar da represión fascista, que contan coa participación de mulleres directamente na loita e no apoio ás partidas.

- 1939: Inicio da guerrilla galega antifranquista. Paso de gran cantidade de refuxiados cara a Francia polos Pireneos, onde serán recluídos en campos construídos nas praias francesas. Co inicio da Guerra Mundial exiliadas e exiliados galegos participarán na loita de resistencia, participación que ás veces vai ter como consecuencia a reclusión en campos nazis de traballo e exterminio.

- 1940: Creación da Irmandade Galega en Bos Aires.

## 1941-1960

- No traballo a prol de Galicia en América vai ser moi intensa a actuación de mulleres galegas, como Mariví Villaverde, Maruxa Seoane, Maruja Mallo.

- 1941: Aparición da revista *Galeuzca* en Bos Aires. Reaparición de *A Nosa Terra* no exilio. Julia Minguillón gaña o Premio Nacional de Bellas Artes con «A escola de Doloriñas».

- 1942: Publícase a revista *Saudade* en México.

- 1944: Creación do Consello de Galiza en Montevideo. Creación do Bloque Nacional Republicano Galego en Francia.

- 1945: Emisión de Radio Pirenaica de Ribadeo a Tui. Publícase a revista *Posío*. Morre en Lugo a activista antifascista Urania Mella.

- 1947: Primeiras emisións en galego da BBC.

- 1949: Creación do Padroado Rosalía de Castro. Francisca Herrera Garrido é elixida membro numerario da Real Academia Galega, é a primeira vez que unha muller obtén este nomeamento.

- 1950: Fundación da editorial Galaxia. O sete de xaneiro morre Castelao en Bos Aires.

- 1952: Sofía Casanova é nomeada Académica de Honra da Real Academia Galega.

- 1954: Inaugúrase o aeroporto de Peinador-Vigo.

- 1955: Nace en Silleda Marisa Soto.

- 1956: Primeiro Congreso da Emigración Galega en Bos Aires.

- 1958: Créase o grupo Brais Pinto en Madrid.

## 1961-1980

- 1961: Nace na Coruña Belén Feliú. Antía Cal, recoñecida vangardista na renovación pedagóxica, funda o Colexio Rosalía de Castro en Vigo.

- 1963: Inaugúrase o aeroporto de Alvedro na Coruña. Creación do Consello da Mocidade e do Partido Socialista Galego. Inauguración da Biblioteca Penzol en Vigo. O 17 de maio celébrase por vez primeira o Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía de Castro.

- 1964: Creación da Unión do Povo Galego.

- 1968: Implantación do Movimento Democrático da Muller Galega (MDMG).

- 1970: Naufraxio do petroleiro Policommander na ría de Vigo, que provocou un importante desastre ecolóxico.

-1971: Créase en Santiago de Compostela o Instituto da Lingua Galega.

- 1972: Creación da Organización Obreira. Creación de Galicia Socialista. Creación de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA).

- 1973: Creación das Comisións Labregas (CCLL).

- 1975: Creación do Sindicato Obreiro Galego (SOG). Creación da Unión de Traballadores do Ensino Galego (UTEG). Constitución da Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG). Folga nas Pontes pola instalación da central eléctrica de ENDESA. Morre no exilio en Estados Unidos de Norteamérica a actriz libertaria galega Aurora Rodríguez, colaboradora das Sociedades Hispanas Confederales.

- 1976: O 5 de xaneiro créase o Consello de Forzas Políticas. Embarranca na ría da Coruña o petroleiro Urquiola e provoca grandes danos ecolóxicos. Creación da Intersindical Nacional Galega (INTG) coa confluencia de varios sindicatos sectoriais. Creación da Asociación Galega da Muller (AGM) no mes de maio; a partir de novembro comeza a coordinarse con outras organizacións feministas do estado.

- 1977: Mobilizacións agrarias. Mobilizacións labregas nas Encrobas. Folgas en diversos sectores produtivos e en diferentes puntos do país. O catro de xaneiro apróbase a Lei sobre a reforma do Rexistro Civil, pola que se autoriza a imposición de nomes e a tradución dos xa rexistrados en calquera idioma do Estado. Olivia Posse é ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio. Creación do Museo do Pobo Galego. Creación da Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG). Publícase *A muller en Galicia*, libro teórico feminista de M.ª Xosé Queizán. Creación da Coordinadora Galega de Asociacións Legais de Muller, que agrupa a Asociación de Mulleres Traballadoras da Coruña, Asociacións de Mulleres do Fogar da Coruña, Asociación de Mulleres de Ferrol e Comarca, Asociación de Amas do Fogar das Travesas (Vigo), Asociacións de Amas do Fogar da Zona Centro de Vigo, Asociación de Mulleres do Barrio do Berbés (Vigo), Asociación de Mulleres do Barrio de Bonome-Mariñamansa (Ourense), Asociación de Mulleres do Barrio do Couto (Ourense), Asociación de Mulleres de Ribadavia e Asociación Galega de Consumidoras. Créase a organización feminista Concepción Arenal.

- 1978: Constitúese en Santiago de Compostela a Academia de Ciencias galega. Folgas en diversos sectores produtivos e en diferentes puntos do país. Creación de: Feministas Independentes Galegas (FIGA); a Asemblea Feminista de Lugo e a Secretaría da Muller de CCOO. A COOFFEE reúnese en Santiago no mes de abril.

- 1979: En Vigo os núcleos feministas das MDM, FIGA, AGM e ADMG únense para crear a Coordinadora Feminista de Vigo. AGM edita un folleto sobre o «Día internacional de loita pola liberación homosexual».

- 1980: Referendo do Estatuto de autonomía. Galicia é recoñecida como nacionalidade histórica con competencias limitadas. Festival feminista en Vigo. Olga Gallego Domínguez ingresa na Academia da Historia. María Xosé Queizán publica *Recuperemos as mans*.

## 1981-1985

- 1981: Primeiras eleccións ao Parlamento autonómico; a primeira lexislatura conta cun total de tres deputadas. Creación do Colectivo Feminista Independente Galego (CFIG). Reorganización da Coordinadora Feminista de Vigo. No mes de xuño, tamén en Vigo, celébranse Xornadas de feministas independentes.

- 1982: Eleccións xerais, co triunfo do PSOE. Creación da Secretaría da Muller do STEG. Encontros sobre o aborto na Coruña. Presentación pública da Asamblea de Mulleres da Coruña. No mes de marzo sae á rúa a revista feminista *A Saia. Boletín do Colectivo Feminista Independente Galego*.

- 1983: Creación do Consello da Cultura Galega. Creación de Grupos de Mulleres da Universidade (GMU). No mes de xaneiro publícase o segundo e último número de *A Saia*. Publícanse: o n.º 0 de *Andaina. Revista do Movemento Feminista -Galicia-*, o n.º 0 de *Festa da Palabra Silenciada* e o boletín *Lúa nova* da AGM-Ferrol.

- 1984: Morre en Santiago de Compostela Jimena Fernández de la Vega.

- 1985: O 24 de xullo a Televisión Galega emite por vez primeira. Segunda lexislatura do Parlamento autonómico (goberno PP); conta cunha deputada. Creación de Mulheres Livres. Creación de Mulleres Rurais.

## 1986-1990

- 1986: Creación de Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG), de Alecrín. Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller e da Secretaría da Muller da INTG. No n.º 9 prodúcese un cambio de nome da revista *Andaina. Revista do Movimento Feminista Galego*. Publícase *Abrente. Voceiro da Secretaría da Muller da Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos*. Morre en Vigo Mercedes Núñez.

- 1987: Día das Letras Galegas dedicado a Francisca Herrera Garrido. No mes de maio publícase o n.º 1 de *Area. Revista das Mulleres Nacionalistas Galegas*.

- 1988: Creación da Comisión Interdepartamental da Muller, da que forman parte as consellarías de Traballo e Benestar Social, Educación e Ordenación Universitaria, Cultura e Deportes, Traballo, Presidencia e Administración Pública, Sanidade, Industria, Comercio e Turismo, Agricultura, Pesca, Economía e Facenda. Apróbase o Primeiro plan de acción para a igualdade de oportunidades das mulleres (1988-1991). Creación da Escola de Mulleres Simone de Beauvoir, a Secretaría da Muller da CXTG, e Mulleres Progresistas en Vigo e Santiago de Compostela. Lourdes Méndez publica «*Cousas de mulleres*». *Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, obra que pon en dúbida o patriarcado con igualdade de dereitos e os traballos antropolóxicos androcentricamente nesgados e que desembocan en xeneralizacións a-históricas e esencialistas sobre a Galicia rural e a cultura galega.

- 1989: Terceira lexislatura no Parlamento, que conta con nove deputadas. Iniciativa parlamentaria de Esquerda Galega para a creación do Instituto Galego da Muller; non foi aprobada. Creación de Mulleres Ensinantes do Rosa ao Violeta. Cambios no nome da revista *Area. Revista das Mulheres Nacionalistas Galegas*. Lidia Senra é nomeada secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego. Morre en Lugo Enriqueta Otero, defensora dos dereitos civís e guerrilleira republicana.

- 1990: Creación do Centro da Muller Vagalume. Creación da Federación Galega de Mulleres Rurais. MNG publica a *Axenda Feminista Galega*, trátase dunha actividade que ten continuidade ata o ano 2006.

## 1991-1995

- Na década dos noventa vai ter lugar a creación das primeiras vogalías de mulleres en asociacións de veciños, as primeiras concellarías da muller e os primeiros consellos municipais da muller.

-1991: Creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGPIHOM), nun primeiro momento adscrito á Consellaría de Traballo e Benestar Social, despois á de Familia, Muller e Xuventude coas siglas SGAI.

- 1992: Embarranca na ría da Coruña o petroleiro Mar Egeo con consecuencias para a ecoloxía costeira. Creación do Grupo María Castaña. Creación da Comisión de Mulleres do BNG. Comeza a convocatoria do Premio 8 de Marzo de Ensaio da Secretaría da Muller da CXTG.

- 1993: A cuarta lexislatura parlamentaria conta con dez deputadas. Creación da Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Creación da Federación de Mulleres Progresistas. Creación do Premio Xohana Torres da Concellaría da Muller de Santiago de Compostela.

-1994: O día 6 de xaneiro sae á rúa o primeiro número do xornal *O Correo Galego.* Creación de Mulleres Antimilitaristas. Creación da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego. Publícase o único número de *Rebelión. Revista das Mulheres Nacionalistas Galegas*. No Parlamento galego créase a Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (CIDM). Creación da CIG. Confluencia entre CXTG-INTG, conta con Secretaría da Muller.

- 1995: Creación do colectivo Donas de nós (Lugo). Creación da Asemblea de Mulleres de Galiza Nova. Publícase *O contradiscurso das mulleres* de Carmen Blanco.

## 1996-2000

- 1996: A quinta lexislatura parlamentaria conta con 17 deputadas. Decreto 79/1996, do 29 de febreiro, sobre asunción da ampliación de medios producida polo Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, de medios adscritos ós servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 2834/1983, en materia de protección á muller e a súa asignación á Consellaría de Familia, Muller e Xuventude. Desde o 29 de novembro Luz Pozo Garza fai parte da RAG. No mes de xullo publícase o n.º 0 de *Deliberadamente. Folha informativa de activismo feminista,* editada por MNG. Xéstase a Asociación Mulleres Cristiás Galegas. Morre en Sada a mestra Francisca Morlán, *Pancha*.

- 1997: O 17 de xuño apróbase no pleno do Parlamento os ditames propostos pola CIDM coas seguintes temáticas: política institucional, política laboral, servizos sociais, educación, cultura e medios de comunicación, saúde. Creación de: Mulleres Cristiás Galegas Exeria, Mulleres Xornalistas MUGACON, Noveluas-FEIN, Comisións da Muller CAF/CAE,

Comisión da Muller AMI. Toma corpo a Coordinadora Unitaria de Apoio á Modificación da Lei do Aborto.

- 1998: O 13 de maio publícase no DOG a creación da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista. Decreto 377/1998, do 23 de decembro, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións da Consellaría de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en materia de medidas activas de emprego. Real decreto-lei 11/1998, do 4 de setembro, polo que se regulan as bonificacións de cotas á Seguridade Social dos contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír a traballadores/as durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento. Creación do Seminario da Universidade de Vigo: Teorías de la Diferencia. Creación da Asociación de Mulleres Lilith. Creación da Comisión da Muller EI. Morre en Santiago de Compostela a cantante e actriz Maruxa Villanueva. Morre en Monçao a dramaturga e tradutora Amparo Alvajar.

- 1998-1999: Neste período lectivo e ao mesmo tempo que se fusionan créase a Comisión da Muller EI-FER-AGIR.

- 1999: Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de muller. Creación da Rede de Mediadoras. Creación do Foro de Brión. É galardoada co Premio Xohana Torres a obra de Mariluz González Parente e Marta Lombán Pazos *Nais xornaleiras e emigrantes*.

- 2000: A sexta lexislatura parlamentaria conta con vinte deputadas. Un decreto refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia. Modifícanse determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa ao nome e apelidos e a súa orde. Constitúese a comezos de abril a Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres (MMM). Creación de Buserana (Costa da Morte). Creación da Cátedra Caixa Nova de Estudos Feministas. Creación da Comisión Nacional da Muller de NOS-UP.

# Século XXI

## 2001-2005

- 2001: O 26 de xuño apróbase no pleno do Parlamento o ditame proposto pola CIDM, relativo ao mundo do traballo, condicións e características do mercado laboral. Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar. Resolución do 14 de febreiro de 2001 pola que se crean os premios Galicia en Feminino e se aproban as bases para a súa concesión, modificase por Resolución do 30 de xaneiro de 2004. É galardoada co Premio Xohana Torres a obra de Susana Martínez Rodríguez *O pensamento feminista do economista compostelán Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*. O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra de Mariña Albor Aldea *O Cancioneiro de son Afonso Sánchez. Edición e estudio* e queda como finalista *El mayor monstruo del mundo de*

*Calderón de la Barca. Estudio textual* de María J. Caamaño Rojo. Desde o 27 de outubro Xohana Torres forma parte da RAG.

- 2002: O petroleiro Prestige afunde nas costas galegas e provoca un desastre ecolóxico de enormes dimensións. Decreto 249/2002, do 18 de xullo**,** polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller. Ánxeles Alvariño publica *España y la primera expedición científica oceánica, 1789-1794: Malaspina y Bustamante con las corbetas Descubierta y Atrevida*. O Premio de Narrativa Historias na Universidade recae na obra *O malfadado ano no que perdín a moza por culpa dun robot, porque as desgracias sempre veñen mal acompañadas* de Ana María Galego Gen. O Premio Xohana Torres recae na obra *Esquecidas pola historia. As mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro terzo do XX* de Herminia Pernas Oroza.

- 2003: Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro**,** polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta. Orde do 5 de xuño de 2003 pola que se establece un programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica. O Premio Xohana Torres recae na obra *Voces da memoria. Galegas, exiliadas, emigradas e resistentes durante o réxime franquista* de Beatriz Graña Pérez. O Premio de Narrativa Historias na Universidade recae na obra *Singularis Domitilla* de Eva Moreda. A filóloga Rosario Álvarez é nomeada académica numeraria da RAG. Morren en Vigo a escritora Xela Arias e a pintora Mercedes Ruibal.

- 2004: Resolución do 9 de febreiro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galicia (programa Emega) e se procede á súa convocatoria. Resolución do 15 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais e a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción da muller e se procede á súa convocatoria. Decreto 78/2004, do 2 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o Racismo e a Xenofobia. O 15 de xuño apróbase no pleno do Parlamento o ditame proposto pola CIDM relativo á prostitución feminina. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra de María do Cebreiro Rábade Villar *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña*. Encontro da MMM en Vigo.

- 2005: Sétima lexislatura parlamentaria, conta con vinte e cinco deputadas. Creación da Secretaría Xeral da Igualdade. Ánxeles Cuña é elixida directora do Centro Dramático Galego (CDG). Morre María Victoria Moreno. Desde o mes de decembro navega en culturagalega.org o *Álbum de Mulleres*.

## 2006…

- 2006: É declarado Ano da Memoria. María Bouza é nomeada presidenta da Academia Galega de Audiovisual e Pilar Comesaña xerente. Cristina Domínguez é nomeada directora do Centro Dramático Galego. A RAG acorda que o Día das Letras Galegas 2007 será dedicado a María Mariño. Morre Pura Vázquez. Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, é nomeado académico numerario da RAG. O Premio Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica recae na obra *El libro de Motes de Damas y Caballeros de Luis Milán. Edición crítica y estudio* de Isabel Vega Vázquez.

- 2007: O 13 de abril publícase no DOG a Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres en Galicia. II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013. O Día das Letras Galegas é dedicado a María Mariño. Alvarellos Editora publica a ata agora inédita obra de María Mariño *Más allá del tiempo*.

# TERRITORIO ESPAÑOL

# Século XIV

Existen dous modelos de ensino da Medicina no reino de Aragón: o das universidades cristián-escolásticas e o dos Estudos. Nas madrasas de Zaragoza, Toledo, Guadalaxara, Barcelona, etc. impártense estudos islámicos. Nas alxamas impártense estudos xudeus. Tense constancia de que nas universidades estudaban e ensinaban mulleres, cando menos na de Salamanca e na de Boloña.

# Século XV

- 1474: Isabel I é proclamada raíña de Castela en Segovia.

- 1490: Morre Isabel de Villena, quen na súa obra literaria defende a dignidade das mulleres.

# Século XVI

- Os autos de fe da Inquisición foron máis intensos no caso dos diferentes reinos da Península Ibérica que no resto dos territorios onde actuou.

- Reforma nos conventos de monxas coa aparición da clausura rigorosa.

-1515: Nace en Ávila Teresa de Xesús, que chegará a ser unha importante escritora mística e reformará a Orde do Carmelo.

# Século XVII

- Algunhas mulleres conseguen postos de relevancia e unha certa independencia nos territorios da coroa de Castela nas Indias.

# Século XVIII

- Aparición dos salóns literarios vencellados ás ideas da Ilustración e presenza de mulleres nas Sociedades Económicas de Amigos del País.

- 1724: A dinastía borbónica funda na Cidade de México o primeiro convento para indíxenas de monxas cacicas de Corpus Christi.

- 1739: Publícase a obra de Benito Feijoo *La defensa de las mujeres*.

- 1741: Créase en Madrid a Congregación de Naturales y Originarios de Galicia, primeira institución coñecida creada pola emigración.

- 1749: Comeza a construción da estrada A Coruña-Madrid. Nace Josefa Amar y Borbón, unha das figuras máis destacadas da Ilustración española, que escribe un gran número de obras dedicadas a valorar o papel da muller na sociedade e a defender a súa igualdade de talentos co home.

-1763: Créase en Cádiz o xornal de crítica social *La Pensadora Gaditana*, promovido por Beatriz Cienfuegos, publicouse ata 1764.

- 1781: Último auto de fe da Inquisición sevillana.

- 1790: Publícase a obra de Josefa Amar y Borbón *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres*.

# Século XIX

## 1800-1850

- Arredor da intelectualidade republicana e federal de inspiración fourierista fórmanse pequenos núcleos que loitan pola emancipación das mulleres.

- 1807: Morre Josefa Jovellanos, escritora da lingua asturiana e promotora de obras sociais.

- 1810: Formación das Juntas Americanas, pródromo do movemento de liberación nas colonias españolas. Cortes de Cádiz.

- 1812: Promúlgase unha nova constitución.

- 1814: Fernando VII revoga a Constitución de 1812 e restaura unha monárquica con poder absoluto. Volta á Inquisición.

- 1815: Pronunciamento de Porlier na Coruña a prol dun réxime liberal.

- 1820: Levantamento de Riego, que dá comezo ao Trienio Liberal.

- 1822: Aprobación do primeiro Código penal español.

- 1831: Morre aforcada Mariana Pineda ao ser condenada por bordar nunha bandeira liberal «Ley, Igualdad y Libertad».

- 1833: Reforma administrativa de Javier de Burgos. Comezan as guerras carlistas entre os que prefiren que o trono sexa ocupado por Carlos e os que prefiren que o ocupe Isabel II; esta última reina coa rexencia de María Cristina.

- 1839: Remate das guerras carlistas.

- 1845: Nace Dolors Monserdà, escritora feminista catalá que escribiu un dos textos considerados fundacionais do feminismo catalán: *Estudi feminista*.

## 1851-1900

- Anos 60-70: Primeiras tentativas sufraxistas. Inícianse os debates sobre o dereito universal á educación das mulleres, destaca a participación de E. Pardo Bazán e de Concepción Arenal.

- 1862: Nace Sofía Casanova.

- 1867: Nace Carmen de Burgos, *Colombine*, chegará a ser mestra, novelista, correspondente de guerra, militante feminista e republicana.

- 1868: Comezo do Sexenio Revolucionario. Goberno provisional cos seguintes logros: liberdade de reunión, liberdade de asociación e sufraxio universal directo e masculino.

- 1869: Fundación da Federación da Asociación Internacional dos Traballadores. Constitución para artellar o estado democrático con monarquía parlamentaria (Amadeo I de Saboya), segue as coordenadas da Constitución de 1855 nutrida de moderantismo pouco conservador e progresismo pouco liberal. Comezo de insurreccións republicanas.

- 1870: A raíña Isabel II abdica do trono español.

- 1871: As Cortes declaran anticonstitucional a Asociación Internacional do Traballo (AIT).

- 1872: Matrículase na Facultade de Medicina de Barcelona Elena Maseras Ribera; será así a primeira alumna desa universidade. Morre Juana de Vega.

- 1873: I República. Comisión para a Reforma do Código Penal na que participa Concepción Arenal. Abolición da escravitude. Nace Rosa Sensat Vilá, como mestra chegará a defender a Escola Nova.

- 1874: Restauración da monarquía borbónica (vénse fraguando desde 1872). Decreto de disolución do núcleo obreiro marxista.

- 1875: O ministro de Fomento reabre a «cuestión universitaria», decreta que a docencia non pode contravir as ordes da igrexa e pon fin á liberdade de cátedra; un grupo de profesores, en desacordo co decreto, renuncian ás súas cátedras e fundan a Institución Libre de Enseñanza.

- 1878: Nace Asunción Rincón Lazcano, que chegará a ser mestra e introducirá melloras no maxisterio español.

-1879: O PSOE celebra o seu primeiro congreso na clandestinidade. O sindicalismo católico emprega estratexias de contención do movemento obreiro.

- 1881: Congreso obreiro de corrente anarquista en Barcelona. Creación da UGT. Creación da Federación de Trabajadores de la Región Española. Nace en Santander a futura pintora María Blanchard. Nace a tamén futura pintora Gloria Torner.

- 1882: Primeiras doutoras en Medicina: Dolores Aleu, Martina Castells e Elena Maseras. Emilia Pardo Bazán publica *La tribuna*, que ten como protagonista unha obreira.

- 1883: A Lei de imprenta do 26 de xullo amplía o espazo de debate público. Créase a Escuela de Correos y Telégrafos.

- 1884: Nace María Bonet, en 1936 e sendo mestra colectivizará as súas terras e será obxecto da represión franquista.

- 1885: Despois da morte de Alfonso XII, o goberno de Sagasta recupera algúns dereitos da Constitución de 1869.

- 1887: Aprobación da Lei de asociaciones e da Lei de juicios por xurado.

-1888: Nace Margarita Xirgú, que chegará a ser actriz e directora de escolas dramáticas. Nace Clara Campoamor, que se desenvolverá como avogada, sufraxista e deputada en Cortes. Nace Enriqueta García Infanzón, despois chamada *Eugenia Astur* e coñecida escritora asturiana.

- 1889: O Código civil consagra a discriminación legal das mulleres.

- 1890: A representación do Estado español na Conferencia Internacional do Traballo de Berlín é a única asistente que non vota unha lexislación protectora para o traballo das mulleres.

- 1892: Creación da Biblioteca de la Mujer dirixida por Emilia Pardo Bazán.

- 1892-1910: Aparecen diferentes normativas que van regulamentando o marco en que se vai producir a presenza de mulleres nos institutos secundarios e mais na universidade.

- 1890: Sufraxio universal para os homes.

- 1893: Unha Real orde permite que as mulleres poidan efectuar a súa matrícula nos estudos de bacharelato sen ter que pedir autorización.

- 1899: Morre Pilar Pascual Sanjuán, pedagoga, considerada como parte da primeira xeración de feministas do territorio.

-1900: Leis sociais sobre accidentes laborais, sobre a limitación no acceso ao traballo de mulleres e de nenos.

# Século XX

## 1901-1920

-1902: Nace en Paniza (Zaragoza) María Moliner, que desenvolverá unha importante tarefa filolóxica e lingüística.

-1904: Constitúese en Barcelona e na liña anarquista Solidaridad Obrera.

- 1905: Nace Federica Montseny Mañé, que chegará a ser escritora e oradora anarquista, formará parte da CNT e en 1936 será ministra de Sanidade; falece en 1994. Nace Trinidad Revolto, que chegará a desenvolver actividade sindicalista e de secretaria da Unió de Dones de Catalunya.

- 1908: Nace Dolors Vives Rodón, que chegará a ser aviadora e fundadora do Aero Popular de Barcelona, tamén loitará na aviación republicana entre 1936-1939.

- 1909: Comeza a ter efecto a presenza das mulleres nas aulas dos institutos. Chega a Melilla Carmen de Burgos, *Colombine*.

- 1910: Creación da CNT, vai ser o piar do movemento sindicalista ata 1939. Revógase a necesidade de solicitar un permiso especial para que unha muller se poida matricular libremente na ensinanza universitaria oficial.

- 1911: Nace en Barcelona Mercedes Núñez.

- 1912: «Ley de la Silla», que impón aos patróns a obriga de proporcionar asentos ás mulleres empregadas en tendas e almacéns.

- 1913: Neutralidade do estado ante a Primeira Guerra Mundial.

- 1917: Folga xeral. Creación da Federación Anarquista Ibérica (FAI).

- 1918: Fúndase a Asociación Internacional de Mujeres de España. Morre a pintora modernista catalá Lluisa Vidal i Puig.

## 1921-1940

- A partir dos anos 20 organizacións dereitistas e a Igrexa católica asumen as tarefas de desacreditar o feminismo, de promover loitas contra o deporte de competición, contra as novas modas no vestir e a frivolidade das mulleres. Tamén comezan a aparecer organizacións de mulleres co obxectivo de contrarrestar estas reaccións.

- 1921: Nace Rosario Benavent, que participará nun grupo de acción anarquista en Barcelona e morrerá a causa dunha explosión. Nace Asunción Linares Rodríguez, que chegará a ser catedrática de Faculdade de Ciencias e será a primeira muller que desempeña ese cargo en España. Morre Emilia Pardo Bazán.

-1923: Juan de la Cierva fai voar o seu primeiro autoxiro. Primo de Rivera concede ás españolas quince postos na Asamblea Nacional.

- 1924: Concesión do voto ás mulleres xudicialmente libres por parte do goberno de Primo de Rivera.

- 1926: Pacificación do protectorado marroquí. No mes de febreiro a Alianza Republicana non consegue romper con divisións internas. División entre PSOE e UGT: uns colaboran co réxime, outros piden unión cos republicanos. A CNT é ilegalizada ao tempo que os moderados perden forza fronte a anarquistas.

- 1927: Exposicións mundiais en Barcelona e Sevilla. Creación das seguintes organizacións de mulleres: Asociación Nacional de Mujeres Españolas (ANME), de carácter moderado; Juventud Universitaria Feminista (JUF); Unión de Mujeres Españolas (UME), de esquerdas; Consejo Supremo Feminista (CSF). Margarita Xirgú estrea a obra *Mariana Pineda* de Federico García Lorca.

- 1928: Intelectuais e estudantes fundan a Fundación Universitaria Escolar (FUE) contra os poderes que na reforma dan privilexio ás universidades da Igrexa. Creación do Opus Dei. Formación de grupos de oposición dentro do exército. Morre a actriz e empresaria teatral María Guerrero.

-1929: A aviación comercial dá os seus primeiros pasos.

-1930: A Alianza Republicana está en condicións de se opor á monarquía. Primo de Rivera presenta un plan ao rei para saír da Ditadura ordenadamente, o rei non acepta, o 28 de febreiro Primo de Rivera, presenta a súa dimisión.

- 1931: Segunda República. As provincias poden devir en autonomías. Tres mulleres obteñen a acta de deputadas: Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken. Sufraxio universal para mulleres e homes. Recoñécese o matrimonio civil e a igualdade de dereitos para fillos lexítimos e ilexítimos. Morre Teresa Claramunt, libertaria que participa na creación das primeiras entidades feministas catalás. Asalto ao cárcere de mulleres.

- 1932: Apróbase a Lei do divorcio. Morre María Gutiérrez Blanchard, pintora vencellada ás vangardas e ao cubismo.

- 1933: Concordato coa Santa Sé. Primeiras eleccións en que participan mulleres. Son elixidas cinco deputadas no Congreso: Margarita Nelken, Francisca Bohigas Gavilanes, Matilde de la Torre Gutiérrez, Veneranda García Blanco e María Lejárraga. Créanse agrupacións de mulleres antifascistas vinculadas ao PC. Morre asasinada pola súa nai a feminista e anarquista Hildegart Rodríguez Carballeira.

- 1934: Creación da Falange Femenina.

- 1934-1935: Bienio negro; socialistas e republicanos acoden divididos ás urnas, párase a reforma agraria, redúcese a influencia de sindicatos socialistas, restablecemento dalgúns poderes da Igrexa. Vaga de revoltas laborais promovidas polo anarcosindicalismo e a CNT. Folga xeral reprimida (1934). Suspensión do estatuto catalán, réxime baixo control militar. A Falange anima a militares á desobediencia. Aglutínanse os partidos republicanos. Os socialistas, divididos entre a parte que apoia o pacto con comunistas e a que prefire o pacto con republicanos.

- 1936: Triunfo nos comicios do Frente Popular (unión de esquerdas: republicanos, socialistas, comunistas). Son elixidas cinco deputadas no Congreso: Margarita Nelken, Victoria Kent, Dolores Ibárruri, Matilde de la Torre Gutiérrez e Julia Álvarez. Nos seis primeiros meses as mulleres poden formar parte do exército e ser mando. Traslado do goberno a Valencia. Franco é nomeado xefe de goberno pola Junta de Defensa. O territorio español divídese en dúas zonas militares: republicana e fascista. A través dun decreto do Goberno republicano créase a Comisión del Auxilio Femenino de Madrid. Fúndase o Secretariado Femenino do POUM. A dirixente anarquista Federica Montseny é nomeada ministra de Sanidade e Asistencia Social; ata ese momento ningunha muller ocupara ese cargo. Legalización do aborto na Generalitat de Catalunya. Créase a agrupación Mujeres Libres, relacionada coa CNT.

- 1937: No mes de maio o goberno de Juan Negrín expulsa definitivamente as mulleres da fronte. Incorporación de mulleres na industria de guerra. Creación en Bilbao do Segundo Comité de Mujeres Antifascistas. Primera Conferencia del Secretariado Femenino do POUM. Celébrase en Madrid a Conferencia de la Unión de Muchachas. Primera Conferencia Nacional de Mujeres Libres. En Valencia Segunda Conferencia Nacional de la Agrupación de Mujeres Antifascistas. Morre na fronte de Aragón Felicia Browe, voluntaria das Brigadas Internacionais.

- 1938: Goberno republicano: despedida das Brigadas Internacionais. Mujeres Libres solicitan sen éxito seren recoñecidas como filial oficial do movemento libertario. Goberno fascista: anulación de todas as reformas do Código civil republicano. Dítase o Fuero del Trabajo. Reimplantación do código de 1889; as mulleres casadas quedan totalmente subordinadas aos seus maridos; reintrodúcese o delito de adulterio como causa fulminante de concesión de separación se a adúltera é muller; derróganse as leis do aborto, do divorcio e de matrimonio civil con efectos retroactivos; suprímese a escolaridade mixta; prohíbeselles ás mulleres o exercicio de profesións liberais.

- 1939: Fin da guerra, con derrota republicana e vitoria franquista. A Igrexa volve tomar o ensino nas súas mans. Lei de responsabilidades políticas e ilegalización de partidos, sindicatos e asociacións. O estado asina o Pacto Antikomintern. Exilios e represións. Fidela Fernández, que saíra para a fronte con 16 anos, pasa a desempeñar o oficio de camioneira. A correspondente de guerra nas frontes de Oviedo e Biscaia, Cecilia García Guillarte exíliase en México. «As trece rosas», trece adolescentes das Juventudes Socialistas Unificadas son fusiladas en Madrid.

- 1940: Lei contra a francmasonaría e o comunismo. Entrevista Hitler-Franco. Lei de bases da organización sindical (Sindicato Vertical).

## 1941-1960

- 1941: Obrigatoriedade de materias domésticas para as mulleres. Entrevista Mussolini-Franco. Organízase a División Azul.

- 1942: Créanse as Cortes españolas, que colaboran na elaboración de leis, aínda que a potestade lexislativa é exclusiva do xefe de estado. Créase en Valencia a Unión de Mujeres Demócratas. Morre Tina Modotti, fotógrafa brigadista na Guerra Civil española.

- 1945: Publicación dun decreto-indulto sobre responsabilidades políticas durante a guerra. A ONU condena o réxime español e nega a entrada de España na organización. Decreto de protección á familia. Condena total de prácticas abortistas con penas de prisión maior para mulleres, establecementos e profesionais que se impliquen nelas. Carmen Laforet é galardoada co Premio Nadal pola súa novela *Nada*.

- 1946: Morre María Barrientos, soprano e compositora catalá.

- 1948: Restablecemento de relacións diplomáticas con Arxentina. Protocolo Franco-Perón.

- 1949: Morre a mestra, escritora e xornalista María Dolores Pérez Enciso.

- 1950: Derrógase a Lei de divorcio. Obrigatoriedade de matrimonio relixioso. Creación da axencia de noticias NO-DO. A Cámara de Representantes dos EE UU vota o primeiro crédito a favor de España. A ONU acepta o restablecemento de relacións diplomáticas. A Sección Femenina da Falange encárgase da educación física de escolas primarias e institutos. Asistencia de todas as traballadoras á Sección Femenina dúas horas ao día durante seis meses, promoción de artesanía popular, coros e danzas. María Moliner comeza a escribir o seu dicionario de lingua española.

- 1952: Ingreso de España na UNESCO.

- 1953: Créase a Asociación Española de Mujeres Universitarias.

- 1955: Morre a literata, investigadora e defensora dos dereitos das mulleres María Goyri.

- 1958: Créase o grupo Brais Pinto en Madrid.

- 1959: Morre Antonia Rufina Maymon, mestra racionalista, anarquista e naturista.

- 1960: Créase o Seminario de Estudios Sociológicos sobre la Mujer.

## 1961-1980

- 1962: Morre a pedagoga Julia Fernández Zabaleta, innovou os principios pedagóxicos e foi «depurada» durante o franquismo.

- 1964: Mujeres Libres edita *Mujeres libres en el exilio*.

- 1965: Creación do Movimiento Democrático de la Mujer (MDM). Máis adiante, en 1974, engade o sobrenome de Movimiento de Liberación de la Mujer.

-1969: Morre Margarita Nelken Mausberger, pintora, crítica de arte, xornalista, parlamentaria socialista e comunista. Morre Margarita Xirgú, artista de teatro.

- 1971: Asociación de Mujeres Juristas. Créase na clandestinidade o Frente de Liberación Homosexual del Estado Español (FLHEE).

- 1972: As Cortes franquistas decretan a maioría de idade das mulleres aos 21 anos, deste xeito iguálase á dos homes. Morre Clara Campoamor.

- 1973: Créase a Asociación de Mujeres Separadas Legalmente. Morre no exilio María Trujillo Contreras, loitadora das Sociedades Hispanas Confederales. Morre en Menorca a científica e teórica da educación Margarida Comas i Camps.

- 1974: Morre Aurora Bertrana Salazar, que colaborou con outras mulleres no deseño do proxecto dunha Universitat Obrera Femenina en Cataluña. Morre en México a malagueña Isabel Oyarzabal, foi periodista, dramaturga, etnóloga, escritora e formou parte do Consejo Supremo Feminista.

- 1975: Morre Franco. Juan Carlos é proclamado rei. A Lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas. En decembro: Primeras Jornadas Estatales por la Liberación de la Mujer. Aumenta o número de alumnas matriculadas na universidade. Revitalización da Asociación Universitaria para el Estudio de la Problemática de la Mujer. Creación de seminarios e colectivos feministas en Madrid e Barcelona. Creación dos primeiros centros de planificación familiar, que en principio van suplir a falta de asistencia médica da Seguridade Social e en xeral de toda a medicina dispensada ás mulleres.

- 1976: Adolfo Suárez, presidente do goberno. Disolución das Cortes franquistas e aprobación da Lei de reforma política. Fúndase a revista *Vindicación Feminista*. Máis de 4000 mulleres nas I Jornadas Feministas de la Dona (Barcelona), nas que se encontran dúas

correntes feministas: a radical e a de clase. Reorganizacións de Mujeres Libres en diferentes puntos do estado. Créase o Frente de Liberación de la Mujer, o Colectivo Mujer y Socialismo vinculado ao PSOE, a Associació Catalana de la Dona, a Unión Popular de Mujeres, o Frente de Liberación de la Mujer, a Plataforma de Organización y Grupos de Mujeres de Madrid, o Colectivo Feminista de Oviedo, a Coordinadora Provincial de Amas de Casa de Madrid, a Asociación de Mujeres Divorciadas de Barcelona, a Asociación Leonesa de Mujeres «Flora Tristán». No mes de decembro, a Asociación Española de Mujeres Juristas celebra o seu I Congreso Internacional. Iníciase na radio o programa feminista *Punto y aparte*. Morre Sol Ferrer, biógrafa e difusora das ideas de Ferrer y Guardia (o seu pai).

- 1977: Eleccións xerais. Saen elixidas 22 deputadas no Congreso. O goberno da UCD crea a Subdirección General de la Condición Femenina. Fórmase a Federación de Organizaciones Feministas (FOF), que se disolve ao ano seguinte. Créase a Coordinadora de Organizaciones Feministas del Estado Español (COOFFEE). A Asociación Universitaria para el Estudio de los Problemas de la Mujer está implantada nos distritos universitarios de Barcelona, Madrid, Navarra, Burgos, Valladolid, Santander, Málaga, Granada, Salamanca, Sevilla e Cádiz. Créanse: as Asociaciones Democráticas de la Mujer (ADM), vinculadas ao Partido del Trabajo de España (PT), a Organización Feminista Revolucionaria (OFR), o Grupo Independiente de Lleida para la Lucha de la Mujer, o Grupo Feminista de Cultura de Barcelona, a Asociación Segoviana para la Emancipación de la Mujer, o Colectivo Feminista de Valencia, o Movimiento de Planificación Familiar de Madrid, o Grup de Lesbianas del País Valencià, a Unión de Mujeres Republicanas de Madrid, a Agrupación Feminista de Reus, a Unión por la Liberación de la Mujer, a Asociación de Madres Solteras de Castellón, a Bizkaiko Emakumeen Biltzarra (Asamblea de Mujeres de Vizcaya), as Feministas Radicales Independientes de Sevilla, a Unión de Mujeres del Altoaragonés, o Grupo Feminista de Comercial Unión, a Asociación Catalana de Mujeres Divorciadas. Mujeres Libres retoma a súa actividade (cesara en 1939). Edítanse: *Opción*, *Nova Revista para la Mujer*, o boletín *Donas* e a revista *Mujeres Libres*. Os días 8, 9 e 10 de decembro celébranse as Jornadas de la Mujer en Euskadi e País Valencià. As obreiras protagonizan numerosas protestas.

- 1978: Promúlgase a Constitución española, establece o principio de igualdade como valor superior do ordenamento xurídico e como dereito fundamental a non discriminación por razón de sexo. Inicio do proceso autonómico. Jornadas de la Condición Femenina. Creación do grupo feminista Mujeres Enseñantes e do grupo Unión de Mujeres Republicanas Revolucionarias. A Coordinadora de Barcelona edita o boletín *Dones en Lluita*. Creación da Librería de Mujeres de Madrid e da Librería Feminista Dona en Valencia. A sala People de Madrid crea o Premio El Ovario de Oro.

- 1979: Eleccións lexislativas e provinciais. 21 deputadas no Congreso. A OFR desemboca na formación do Partido Feminista (PF). Jornadas Feministas Estatales de Granada, prodúcese a ruptura entre grupos e mulleres vencelladas ao feminismo radical e as vencelladas ao feminismo socialista. O feminismo da diferenza xeneralízase dentro da corrente independente ou autónoma. A COOFFEE elabora e edita un proxecto de divorcio.

- 1980: Primeras Jornadas de Feministas Independientes en Euskadi. Encontros de lesbianas de todo o estado en Madrid. Encontro internacional sobre o aborto en Bilbao. O PF crea a revista teórica *Poder y Libertad.* Morre Josefina Carabias, pioneira no xornalismo escrito e radiofónico e locutora de noticias.

## 1981-1990

Publícanse coleccións dedicadas a temas relacionados co feminismo e coas mulleres nalgunhas editoriais. Créanse editoriais feministas.

- 1981: Dimisión de Adolfo Suárez e investidura de Leopoldo Calvo Sotelo. O 23 de febreiro, intento de golpe de estado a cargo do tenente coronel Tejero. O 7 xullo, Lei do divorcio. Jornadas de Feministas Independientes en Vigo no mes de xuño. En decembro encontro sobre o aborto en Madrid. É galardoada co Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades a filósofa María Zambrano Alarcón. Morre Amelia Torres Maeso, anarquista valenciana, enfermeira, directora do manicomio de Valencia durante a Segunda República, onde mandou queimar as camisas de forza. Morre a actriz murciana María Martínez Vidal, fundadora da agrupación a prol da cultura Faros de Mujeres Libres.

- 1982: Eleccións xerais. Goberno do PSOE. 22 deputadas no Congreso. O Movemento Feminista a nivel estatal, coordinado con feministas inglesas, leva a cabo accións contra o uso de armas nucleares. Constitúese o Colectivo por la Paz y el Desarme en Zaragoza.

- 1983: O Colectivo por la Paz y el Desarme de Zaragoza organiza o Primer Encuentro de Organizacións Pacifistas do Estado español e unha cadea humana que congrega a 25 000 persoas. Proxecto de lei para fomentar a igualdade da muller. Creación do Instituto de la Mujer, adscrito ao Ministerio de Cultura. Decreto 222/1983, do 24 de novembro, polo que se asumen e asignan funcións e servizos traspasados polo Estado en materia de protección á muller. Regúlase a Lei do aborto, limitado a determinados supostos; desde entón, colectivos feministas reclaman a súa ampliación. Xornadas de sexualidade organizadas por colectivos feministas en Madrid no mes de xuño.

- 1984: Jornadas Feministas en Euskadi. O Ministerio do Interior comeza a publicar cifras relativas a denuncias por malos tratos nas comisarías da policía. Créase a 1ª casa de acollida para mulleres maltratadas en Pamplona. A Comisión de DDHH do Senado crea a Ponencia de Investigación de Malos Tratos a Mujeres e publica *o Informe de la Comisión de Relaciones con el Defensor del Pueblo,* esta última encargada do estudo da muller maltratada.

- 1985: Celia Amorós publica *Crítica de la razón patriarcal*. Publícase *Mujer vasca. Imagen y realidad*, que recolle contribucións dun grupo de traballo dirixido por Teresa del Valle, que dedica unha parte importante do seu esforzo a rebater o mito do matriarcado vasco e o hipotético poder das mulleres.

- 1986: Eleccións xerais. 33 deputadas no Congreso. Referendo sobre a permanencia ou non do Estado español na OTAN. Créase a revista en *Pie de Paz*.

- 1987: A bioquímica María Cascales ingresa na Real Academia de Farmacia como membro de número.

- 1988: Lei 35/1988, do 22 de novembro, sobre técnicas de reprodución asistida humana. Lourdes Méndez publica *Cousas de mulleres. Campesinas, poder y vida cotidiana (Lugo 1940-1980)*, que pon en entredito o patriarcado con igualdade de dereitos e os traballos antropolóxicos androcentricamente nesgados e que desembocan en xeneralizacións a-históricas e esencialistas sobre a Galicia rural e a cultura galega.
Galardoada co Príncipe de Asturias das Letras a narradora Carmen Martín Gaite.

- 1989: Eleccións xerais. 54 deputadas no Congreso. Reunión de mulleres no mosteiro de Veruela, convocadas pola revista *En Pie de Paz*, que tratan cuestións relacionadas coa entrada de mulleres no exército.

- 1990: Morre Lola Iturbe, pertencente a Mujeres Libres, implicada na loita sindical e na guerra do 1936-1939.

## 1991-1995

- 1991: Fúndase a Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres (AEIHM). Morre María Zambrano, filósofa, exiliada, profesora na Universidade da Habana, premio Cervantes. Outórgase o Premio Príncipe de Asturias das Artes á xeración lírica española, representada por Victoria de los Ángeles, Teresa Berganza, Montserrat Caballé, José Carreras, Plácido Domingo, Alfredo Kraus e Pilar Lorengar.

- 1992: Morre Casilda Hernáez Vargas, *Casilda la Miliciana*, militante de Mujeres Libres e de orixe cigana. O Tribunal Constitucional resolve contra HUNOSA por discriminación sexual.

- 1993: Eleccións xerais. 65 deputadas no Congreso. Créase o Instituto Universitario de Estudios sobre la Mujer en Madrid. Créase un grupo de Mulleres de Negro de Zaragoza. Jornadas Feministas Estatales en Madrid. Sae á rúa o número 0 da revista *Amaranta*, editada pola Asamblea Feminista de Madrid.

-1994: Créase o partido Mujeres para el Futuro de Europa, co fin de defender a existencia de democracia paritaria no Parlamento europeo. Concentracións de mulleres vestidas de negro en diferentes puntos do territorio. María-Milagros Rivera Garretas publica *Nombrar el mundo en femenino. Pensamiento de las mujeres y teoría feminista*. Galardoada co Príncipe de Asturias das Artes a pianista Alicia de Larrocha e co dos deportes Martina Navratilova.

-1995: Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. O Ministerio de Educación y Ciencia diferencia o uso do masculino e feminino nos títulos oficiais. Galardoada co Príncipe de Asturias dos Deportes Hassiba Boulmer. Morre a pintora Maruja Mallo en Madrid. Morre a actriz e

directora Ana Mariscal. Morre a escritora santanderina Concha Espina, chegara a ser candidata ao Premio Nobel.

## 1996-2000

- 1996: Eleccións xerais. Goberno do PP. 98 deputadas no Congreso. Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 2834/1983, do 5 de outubro, en materia de protección da muller e a súa asignación á Consellaría de Familia, Muller e Xuventude. Morre Carmen Conde, escritora e poetisa nomeada en 1978 membro da RAE. Morre Carmen Martín Belinchón, enlace guerrilleira na guerra do 1936-1939.

- 1997: Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. Real decreto 774/1997, do 30 de maio, polo que se establece a nova regulación do Instituto da Muller. O Consello de Ministros aproba o «III Plan para la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres» e celebra unha Conferencia Sectorial Extraordinaria sobre la Violencia, na que se acorda elaborar un «Plan de acción sobre a violencia contra as mulleres». Morre a cineasta Pilar Miró.

- 1998: O Consello de Ministros aproba o «Plan de Acción contra la violencia doméstica (1998-2000)». Informe do Defensor do Pobo sobre «Violencia contra las Mujeres». Circular da Fiscalía Xeral do Estado sobre a intervención do Ministerio Fiscal na persecución de malos tratos. Sete mulleres de todos os continentes reciben o Premio Príncipe de Asturias da Concordia: Fátima Boudiaf, Olainka Koso-Thomas, Graça Machel, Fatana Ishaq, Somaly Mam, Rigoberta Menchú e Enma Bonnino; o dos Deportes, Arantxa Sánchez-Vicario. Morre a escritora e poetisa feminista catalá María Mercé Marçal.

- 1999: Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuizamento criminal. Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras. I Congreso Estatal «La violencia impide la igualdad» no mes de maio. Galardoada co Príncipe de Asturias dos Deportes Steffi Graf.

- 2000: Eleccións xerais. 132 deputadas no Congreso. Real decreto 1368/2000, do 19 de xullo, de desenvolvemento das prestacións económicas de pago único por nacemento de terceiro ou sucesivos fillos/as e por parto múltiple. Real decreto 1686/2000, do 6 de outubro, polo se crea o Observatorio de la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres. Jornadas Feministas Estatales en Córdoba. Galardoada co Príncipe de Asturias das Artes a cantante Barbara Hendricks. A ciclista de montaña Margalida Fullana Riera obtén o primeiro posto nos Xogos Olímpicos de Sydney. Morre Felicita Díaz, membro da CNT, que, entre outras cousas, foi encargada do centro de refuxiados de Terrassa en 1936 e en 1938 foi vicesecretaria do Comité Regional de Mujeres Libres. Morre a escritora salmantina Carmen Martín Gaite. Morre Vicenta Berenguer, loitadora pola independencia feminina, a liberdade dos presos sociais e a ecoloxía.

# Século XXI

## 2001-2005

- 2001: Real decreto 1251/2001, do 16 de novembro, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade e risco durante o embarazo. A revista *En Pie de Paz* pecha as súas portas. É galardoada co Príncipe de Asturias das Letras Doris Lessing. Morre Sonia del Río, historiadora libertaria do Ateneo Enciclopédico Popular de Barcelona.

- 2002: Modificación do Código civil en materia de nacionalidade. A sección española de Amnistía Internacional lanza unha campaña de sensibilización a favor da moza nixeriana Safiya Hussaini, condenada a morrer lapidada por adulterio. Un grupo de científicas crea a Asociación de Mujeres Investigadoras y Tecnólogas (AMIT).

- 2003: Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros. Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril, de medidas de reforma económica, en relación coas mulleres traballadoras. Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. O 24 de maio, «Día das Mulleres pola Paz», grupos de mulleres de todo o mundo manifféstanse contra a invasión de Irak. Foron galardoadas co Príncipe de Asturias das Letras Fatema Mernissi e Susan Sontag; co de Investigación Científica e Técnica, Jane Goodall; co da Concordia, Joanne Kathleen Rowling.

- 2004: Eleccións xerais. Goberno do PSOE. 127 deputadas no Congreso. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. María Teresa Fernández de la Vega é nomeada vicepresidenta do Goberno.

- 2005: Reforma da Lei do divorcio. Lei de matrimonio civil sen discriminación por razón de opción sexual. O Premio Príncipe de Asturias das Artes recae en Maya Plisetskaya e Tamara Rojo; o das Letras en Nélida Piñon; o de Cooperación Internacional en Simone Veil.

## 2006-…

-2006: O 3 de marzo o Consello de Ministros dá o visto e prace ao Anteproxecto de Lei Orgánica de Igualdade entre Mulleres y Homes. No mes de outubro a filósofa Celia Amorós é galardoada co Premio Nacional de Ensaio. O Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais recae en Mary Robinson. María Teresa Miras Portugal é elixida presidenta de Real Academia de Farmacia. Morre María José Urruzola, feminista e autora de guías pedagóxicas non sexistas.

- 2007: O venres 23 de marzo de 2007 o BOE publica a Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ten a finalidade de acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e a eliminación de toda discriminación por razón de sexo, en particular a que afecta ás mulleres. Tamén en marzo o Congreso dos Deputados aproba a Lei de identidade de xénero; as e os transexuais poderán cambiar o seu nome e sexo no Rexistro Civil e no DNI sen necesidade de operacións de cambio de sexo.

# MUNDO

# MEDIEVO

- A vida conventual é escollida como lugar-refuxio por mulleres sobre todo pertencentes á nobreza e á burguesía e que non dispoñen de dote para casar axeitadamente. A cantidade de dote requirida para a entrada no convento é menor que a necesaria para casar.

- Mulleres con oficios, entre outros moitos: carniceiras, ferraxeiras, fabricantes de redes, zapateiras, fabricantes de luvas, faixeiras, camiseiras, fabricantes de carteiras, sombreireiras, comadroas, esfoladoras, encadernadoras, pintoras, fiadeiras de seda, bordadoras, salgadeiras, campesiñas, lavandeiras, creadoras de ourives. Tamén algunhas mulleres son ás veces mestres gremiais.

- A anulación matrimonial e a posibilidade de ter novas nupcias están reservadas para casos de incapacidade de reprodución.

- Nos séculos V-XI a Lex Gotica permite que as mulleres dispoñan de propiedade. A maioría dos matrimonios son civís, comezan a realizarse tamén matrimonios eclesiásticos.

- No século VI santa Radegunda exerce os poderes propios dunha raíña no ámbito xudicial e administrativo, contrariando ao seu marido.

- No século VII existen mosteiros con seccións separadas para monxes e monxas unidas polo goberno dunha abadesa.

- Ata o século IX é común entre reis e nobres a práctica da polixinia.

- Século IX: Dhuoda, nacida nunha familia da alta nobreza, aprende a vivir soa, a gobernar os campos, a pedir préstamos a cristiáns e xudeus para armar o seu marido e escribe un manual de educación. A igrexa comeza a elaborar as súas estratexias futuras para se inmiscir nas prácticas sexuais e matrimoniais da poboación.

- Século XI: Coa Reforma Gregoriana (1075) aumentan os referentes e referencias ás mulleres e ao corpo sexuado femia como símbolo de maldade.

- Século XII: A burguesía comeza a se configurar como unha clase distinta e diferenciada dos señores. O traballo comeza a ser definido como unha actividade pola que a cambio se recibe unha paga. Fórmanse e desenvólvense numerosas institucións educativas, unhas están ligadas á Igrexa, outras teñen un carácter máis independente. O alto clero goza de recoñecemento máxico-mítico baseándose na escritura e no ensino. A Igrexa ten as súas propias normas e conta con tribunais especiais. Coa imposición do matrimonio monogámico e indisoluble a Igrexa trata de moralizar os propios costumes eclesiásticos, transformar a nobreza e someter o resto do pobo de Deus ao imperialismo eclesiástico. Aumento da participación das mulleres na vida social, espiritual e intelectual medieval como oíntes, lectoras, mecenas, transmisoras de grandes herdanzas e titoras.

- Século XIII: A finais deste século, Guillermine de Bohemia crea unha igrexa de mulleres á que acoden tanto mulleres do pobo como burguesas e aristócratas; foron denunciadas pola Inquisición a comezos de século XIV. A formación das universidades supón o ordenamento, agrupación e xerarquización de oficios.

-Século XIV: Institúense formas de control social tanto inquisitoriais como de policía urbana. Fanse máis estritas as leis que someten as mulleres á autoridade do marido. Xorde a figura do vagabundo pobre ligada á desconversión da sociedade feudal. Tense constancia de que nas universidades estudaban e ensinaban mulleres; cando menos nas de Salamanca e Boloña. En 1310 a mística e escritora francesa Margarita Poret é queimada viva. En 1322 a bula do papa Xoán XXII condena tanto a Ars Nova como as tendencias modernistas na música.

- Século XV: Aparición da obra de Cristine de Pizan *Le livre de la cité des dames* (1405). A igrexa condena á fogueira a Xoana de Arco en 1431.

- A finais da Idade Media institucionalízase a prostitución, as prostitutas constitúen daquela un dos primeiros colectivos asalariados que non contan con irmandades e que se someten a normas profesionais impostas polos donos dos prostíbulos; isto é, as autoridades reais, relixiosas e municipais.

## Século XVI

- Actividade inquisitorial contra mulleres: queima de bruxas. Estas condenas prolónganse ata o s. XVIII.

- Aparición do beguinato como busca de educación por parte dalgunhas mulleres excluídas das universidades.

- 1542: A gobernadora de Tetuán, Sayyida al-Hurra, é destituída.

- Sofie Brahe (1556-1643) traballa co seu irmán Tycho; as súas observacións serán cruciais para que Kepler poida determinar as órbitas elípticas dos planetas.

- Nace Artemisa Gentileschi, que chegará a ser unha pintora representante do barroco italiano.

- O Concilio de Trento decreta en 1563 que as mulleres teñen alma.

- Nace Marie Le Jars de Gournay (1565), que chegará a ser literata, filósofa e alquimista.

# Século XVII

- En Francia comezan a súa andadura os Salóns como espazo público, neles as mulleres teñen unha presenza notoria e protagonizan o movemento literario e social coñecido como preciosismo.

- 1622: Marie Le Jars de Gournay publica *De l'égalité des hommes et des femmes*.

- A mediados de século créanse varias seitas, algunhas delas inclúen as mulleres como predicadoras e admiten que o espírito pódese expresar a través delas.

- 1653: Morre a poetisa, filósofa e humanista italiana Lucrecia Marinelli.

- 1673: A obra do cartesiano Poulain de la Barre *De l'égalité des deux sexes* adóptase como punto de arranque da polémica moderna sobre a igualdade dos sexos.

- Lady Mary Montagu (1689-1762) introduce en Europa a inmunización contra a varíola.

- 1692: Comeza o xuízo das bruxas de Salem.

# Século XVIII

- 1703: Morre a filósofa francesa Gabrielle Suchon, autora do *Traité de la morale et de la politique*, publicado en 1693.

- 1711: Nace Laura Bassi, tradutora e estudosa da física de Newton e responsable da súa implantación en Italia.

- 1718: Nace María Gaetana Agnesi, que como matemática realizará importantes estudos sobre tanxentes e curvas.

- 1721: Montesquieu publica *Lettres persanes*.

- 1724: A dinastía borbónica funda na Cidade de México o primeiro convento para indíxenas de monxas cacicas de Corpus Christi.

- 1729: Morre a compositora francesa Elisabeth C.

- 1732: Laura Bassi obtén o seu doutoramento en Filosofía na universidade de Boloña.

- 1742: Dorothea Christine Leporin defende o dereito das mulleres a cursar estudos universitarios.

- 1750: Nace Caroline Herschel, que chegará a ser unha importante astrónoma; constrúe grandes telescopios xunto co seu irmán, descubre oito cometas, mil estrelas dobres e outros fenómenos.

- 1756: No volume 6 de *L'Encyclopédie*, Jaucourt argumenta que é posible que a subordinación das mulleres no matrimonio sexa unha construción social. Nace en Hannover Caroline Herschel, quen realizará importantes traballos relacionados coa astronomía.

- 1758: Nace Marie-Anne Paulze (Mme. Lavoiser), quen chegará a ser, xunto co seu home, unha das principais promotoras da química como ciencia experimental; publica *Memorias de química* baixo o nome do seu marido.

- 1761- 1762: Rousseau publica *Julie* e *Émile.*

- 1762: Madame de Beaumer funda *Le Journal des Dames*.

- 1764: Morre en Versalles a marquesa de Pompadour, mecenas da arte.

- 1774: En Francia prohíbese ás mulleres a participación en calquera tipo de actividade política.

- 1776: Trece colonias americanas decláranse independentes. Nace Shopie Germain, quen chegará a ser coñecida pola súa teoría das superficies elásticas.

- 1787: Na obra *Lettres d'un bourgeois de New Haven à citoyen de Virginie*, Condorcet defende o dereito das mulleres a votar. Publícase a obra de Madame de Coicy *Mémoire pour le sexe féminin contre le sexe masculin*.

- Agroma o feminismo como movemento social e político vencellado á Ilustración e á Revolución Francesa; o 1 de xaneiro de 1789, mulleres de diferente condición social dan a coñecer a *Petición de mulleres do terceiro estado* con reivindicacións como o dereito ao voto e a participación das mulleres nas transformacións sociais.

- 1789: Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán en Francia, onde miles de mulleres marchan a Versalles.

- 1790: Publícase a obra de Condorcet *Sur l'admission des femmes au droit de cité*. A Asemblea Nacional francesa proclama a igualdade ante a lei excluíndo ás mulleres.

-1791: Promúlgase a primeira constitución francesa. Abólense os dereitos feudais en Francia. Publícase a obra de Olimpe de Gouges *Déclaration des droits de la femme et la citoyenne*, que reclama a igualdade xurídica e política das mulleres.

- 1792: Publícase a obra de Mary Wolstonecraft *Vindication of the Rights of Woman*, que reclama a igualdade xurídica e política das mulleres.

- 1793: Péchanse os clubs de mulleres en Francia. Morren guillotinadas Olimpe de Gouges e Mme. Roland.

- 1793-1794: Petición de dereitos das mulleres nas novas repúblicas do territorio italiano. En Holanda fálase dos dereitos das mulleres. Nas escolas alemás debátese sobre a diferenza entre os sexos. Os políticos ingleses ridiculizan as demandas dos dereitos políticos das mulleres.

- 1796: Nace Cecilia Böhl de Faber, quen como escritora empregará un pseudónimo masculino para publicar.

# Século XIX

- Ao longo deste século van tomar forma as teorías evolucionistas e bioloxicistas na explicación dos sexos e das relacións sociais. Tamén é este o século dos grandes movementos sociais emancipatorios. O feminismo de carácter internacional emana dun grupo social que se constitúe como tal e intenta definir a un tempo a identidade e o lugar das mulleres nun todo social.

## 1800-1850

- Desenvolvemento do feminismo liberal e do feminismo de clase: socialista, comunista e anarquista.

- Gran debate sobre a capacidade biolóxica das mulleres para o estudo (Frances Gall).

- 1804: Código napoleónico, que vai influír na consideración das mulleres como suxeito menor e incapaz e como propiedade do marido.

-1806: Morre Charlotte Smith, poetisa e novelista inglesa que denunciara a sociedade patriarcal.

- 1807: Germaine de Staël publica *Corinne.*

- 1808: Charles Fourier publica *Théorie des quatre mouvements*.

- 1813: A Asemblea Xeral declara libres as fillas e fillos das e dos escravos do Río da Prata.

- 1815: Congreso de Viena. Abolición do tráfico de escravos. Restauración das monarquías absolutas.

- 1816: Juana Azurduy de Padilla lidera a derrota das tropas españolas en Bolivia.

-1818: Nace Emily Brönte, célebre literata inglesa.

- Nos anos vinte en Europa prodúcense severas restricións na liberdade de prensa e de asociación. Desenvólvese a revolución grega. Publícanse diversos tratados sobre a educación das mulleres.

- 1821: Morre Napoleón. O código napoleónico vai ter unha grande influencia nos códigos civís e lexislacións respecto da muller en todo o mundo.

- 1830: Coroación do rei Luís Filipe en Francia por temor á revolución. Revolución polonesa. Independencia de Bélxica. O 15 de setembro inaugúrase a primeira liña de ferrocarril con automoción de vapor Liverpool-Manchester. Exploración da Antártida. Emerxencia do positivismo científico e das súas teorizacións. O feminismo emana dun grupo social que se constitúe como tal e intenta definir a un tempo a identidade e o lugar das mulleres nun todo social.

- 1831: Nace Amelia Barr, novelista e escritora; entre os seus traballos destaca a historia de Inglaterra, Escocia e América.

- 1832: As reformas británicas exclúen explicitamente o sufraxio das mulleres. Marie Smith, muller solteira de Yorkshire, fai un escrito pedindo o voto das mulleres non casadas. Suzanne Voilquin publica *La femme libre*.

- 1833: Ao fío do movemento antiescravista nos EE UU, as mulleres establecen novas formas organizativas. Eugénie Niboyet funda o Conseiller des Femmes (Consello das Mulleres) en Lyon. Flora Tristán publica o libro en que recolle as súas experiencias de viaxes por Perú.

- 1836: Flora Tristán escribe o seu primeiro panfleto feminista, *Nécessité de faire bon accueil aux femmes étrangères*.

- 1837: Código morse. Campañas de reforma da situación da muller no xudaísmo.

-1839: Guerra do opio entre China e Inglaterra.

- 1842: Nace Agnes Mary Clarke, astrónoma e escritora inglesa que formou parte da Real Sociedade Astronómica.

- 1843: Publícase a obra de Flora Tristán *L'union ouvrière*. Publícase a obra de Marion Reid *A Plea for Women*. Leis de Mendel sobre a herdanza biolóxica.

- 1844: Morre Flora Tristán.

- 1845: Aurore Dupin, co pseudónimo de «George Sand », publica *Histoire de ma vie*.

- 1847: Charlotte Brontë publica a obra autobiográfica *Jean Eire*. Morre a compositora e pianista Fanny Hensel Mendelssohn.

- 1848: Revolucións en París, Berlín, Viena, etc. Abolición da escravitude nas colonias francesas. Publicación do *Manifest der Kommunistischen Partei*. Declaración de Séneca Falls, que dá lugar ao denominado feminismo sufraxista; este cobra forza desde mediados de século en EE UU e Inglaterra. Primeira Convención sobre os Dereitos da Muller en Nova York. Auguste Comte publica *Système de politique positive*. Morre Caroline Herschel, astrónoma alemá e primeira muller en descubrir un cometa.

- 1849: Nace Mercedes Cabello de Carbonera, que chegará a ser considerada iniciadora da novela moderna en Perú.

- 1850: Celébrase en Frankfurt o Congreso Universal dos Amigos da Paz. A danesa Mathilde Fibiger publica unha recompilación de 19 cartas sobre a emancipación das mulleres. Nace Sofía Kovalevskaia, que chegará a ocupar un importante lugar como matemática rusa. Morre Margarita Teller, muller de grande influencia na filosofía norteamericana.

## 1851-1900

- 1851: Nace en Berlín Carolina Michaëlis de Vasconcelos. Morre a escritora Mary Shelley, autora de *Frankestein.*

- 1852: Harriet Beecher-Stowe publica *Uncle Tom's Cabin*, obra convertida en manifesto antiescravista dunha época. Jeanne Deroin publica o *Almanach des Femmes*, con artigos en francés e inglés. Morre Ada Byron, quen destaca por escribir o primeiro programa matemático para unha computadora.

- 1856: Nace en Freiberg Sigmund Freud.

- 1857: As mulleres danesas maiores de 25 anos adquiren a libre disposición das súas ganancias, fortuna e herdanza.

- 1858: Proudhon publica *De la justice*. Juliette Lamber publica *Idées antiproudhoniennes*.

- 1859: As universidades rusas admiten mulleres como lectoras. Darwin publica *On the Origin of Species by Means of Natural Selection, or the Preservation of Favoured Races in the Struggle for Life.* Morre a escritora alemá Bettina Brentano.

- 1860: Guerra civil nos Estados Unidos de Norteamérica.

- 1861: Nace Lou Andreas Salomé, filósofa alemá e única muller aceptada na Sociedade Psicanalítica de Viena.

- 1864: Acta de nacemento da Asociación Interncional do Traballo (AIT), con seccións europeas e comité central en Londres. Nace Camille Claudel, que chegará a exercer como escultora.

- 1864-1865: Abolición formal da escravitude nos Estados Unidos de Norteamérica.

- 1865: Abolición formal da servidume en Rusia. Fundación da Asociación Xeral Alemá de Mulleres.

- 1866: Na Internacional do Traballo dos Homes ábrese o debate sobre o traballo das mulleres. Publícase a obra de Julie-Victorie *La femme pauvre*.

- 1868: Emily Davies argumenta que, para a súa entrada na universidade, as mozas inglesas pasen polo mesmo exame que os mozos. En París un grupo de mulleres defende o dereito ao traballo para as mulleres.

-1869: Ábrense debates arredor da capacidade psíquica e mental das mulleres para a educación. John Stuart Mill publica *The Subjection of Women*. A antropóloga, filósofa e científica Clérence Royer publica *Origine de l'home et des sociétés*. Morre María Victoria de Trevenot, filla do inventor da taquigrafía e primeira taquígrafa que coñece a historia.

- 1870: En Europa e nos EE UU iníciase o denominado «Primeiro período do movemento feminista», cuxa data de remate se sitúa no caso dos EE UU en 1920 e de Europa en 1945. Nace María Montessori, primeira muller en obter o título en Medicina en Italia.

- 1871: Créase a Primeira máquina simple para producir electricidade. Charles Darwin publica *The Descent of Man and Selection in Relation to Sex*. Creación da Unión de Mulleres. Fúndase a Sociedade de Mulleres Danesas. Alemaña emerxe como a maior potencia mundial.

- 1872: Morre Mary Somerville, científica e matemática escocesa que apoiou e defendeu a emancipación e educación das mulleres.

-1873: Nace Sidonie Gabrielle, *Colette*, que chegará a ser escritora; parte da súa obra publícase co nome do seu marido. Morre a cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda, escritora e loitadora contra a escravitude.

- 1874: Fúndase en Xapón a primeira escola normal para mulleres.

- 1875: Nace a educadora americana de orixe rusa Mary Bethume Mc. Lear, quen será directora da División de Asuntos das Minorías Negras.

- 1876: Traslado da sede da AIT a Nova York. Bell patenta o teléfono. Morre Aurora Dupin, *George Sand*, escritora socialista francesa, fundadora da *Revue Indépendante* e da *Revue Sociale*.

- 1878: Primeiro Congreso Internacional sobre os Dereitos das Mulleres. Nace en Viena a física Lise Meitner, codescubridora da fisión nuclear. Nace Marie Curie, quen descubrirá que a radioactividade é unha propiedade intrínseca da materia. Nace en Perú María Jesús Alvarado, quen co tempo se desenvolverá como escritora, xornalista e feminista.

-1879: Ferrocarril eléctrico en Berlín. August Bebel escribe *Frau und der Sozialismus*, obra en que toma en consideración as aspiracións sociais das mulleres dentro do movemento obreiro; con anterioridade, e salvo excepcións, eran consideradas seres incapaces.

-1880: Inicio do conflito palestino.

- 1881: Fúndase en Milán a Liga Promotora dos Intereses Feministas (Liga Promotice degli Interessi Femminile).

- 1882: Nace Virginia Woolf, quen chegará a ser considerada como unha das figuras máis destacadas da narrativa moderna inglesa.

- 1882-1884: Campañas do Movemento Sufraxista Británico polo recoñecemento do dereito de propiedade ás mulleres casadas.

- 1883: A antropóloga Alice Fletcher recoñece que as «omaha» perden o dereito ao seren propietarias ao se lles impor as leis occidentais.

- 1884: Publícase a obra de Engels *Der Ursprung de Familie, des Privateigenthums und des Staats*. Theodore Stanton publica *The Woman Question in Europe*.

- 1888: Exposición Internacional en París.

- 1890: Conferencia Internacional do Traballo en Berlín.

- 1891: Segunda Internacional. Fúndase a Federación Abolicionista Internacional. Bertha von Suttner colabora na creación dun grupo pola paz en Venecia, inicia a Sociedade Austríaca pola Paz e comeza a crear un fondo para establecer a Oficina da Paz de Berna. Nace Fanny Livermore Asthonm, escritora que colaborou no *Agitator Woman's Journal*. Morre a matemática Sofía Kovalevskaya.

- 1893: Recoñecemento do dereito ao voto para as mulleres en Nova Zelandia. En Canadá fúndase o Consello Nacional de Mulleres de Canadá. A exploradora Mary Kingsley percorre o Congo Francés.

- 1896: Italia e Alemaña reparten entre elas Etiopía. Segundo Congreso Feminista Internacional en París. Morre a compositora e concertista austríaca Clara Schumann.

- 1897: Primeiro Congreso de Mulleres Checoslovacas. Lydia Becker e Millicent Fawcet fundan a Unión Nacional de Sociedades de Mulleres Sufraxistas (National Union of Women's Suffrage Societies. NUWSS).

- 1898: Nace Teresa Neumann, que chegará a ser unha filósofa mística recoñecida.

- 1899: En Dinamarca as mulleres casadas conseguen a libre disposición da súa fortuna persoal. Créase o Consello Nacional de Mulleres Danesas.

- 1900: A paleobotánica Marie C. Stopes explora Xapón en busca de flores de setenta millóns de anos de antigüidade. Morre Mary Kinsgley, antropóloga e naturalista afeccionada e autodidacta e que durante anos explorou diferentes partes de África.

# Século XX

## 1901-1920

- 1901: Primeira cerimonia de entrega dos Premios Nobel de Literatura, Física, Química e Medicina. En Noruega as mulleres obteñen o voto municipal e o dereito a seren elixidas.

- 1902: Outórgase o Nobel da Paz a Élie Ducommun e a Albert Gobat. Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino.

-1903: En Gran Bretaña as sufraxistas forman a Unión Política e Social de Mulleres (Women's Social and Political Union. WSPU). Outórgaselles o Nobel de Física a Marie Curie, Pierre Curie e Henri Becquerel. Primeira edición dos premios literarios Goncourt.

- 1904: Congreso Internacional de Mulleres da Federación Abolicionista Internacional en Berlín, centrado na loita polo sufraxio das mulleres. Morre Isabelle Eberhardt, exploradora anarquista suíza.

- 1905: Outórgaselle o Nobel da Paz a Bertha von Suttner. En Londres 50 000 obreiras desfilan contra o ministro Balfour. Morre en Marsella a revolucionaria Louise Michel.

- 1906: En Inglaterra as sufraxistas fan chamamentos de acción violenta para obter o voto. En Francia as sufraxistas propoñen non pagar impostos mentres non se consiga o dereito a voto. En Finlandia concédese o sufraxio feminino. Nace Josephin Baker, que chegará a ser cantante e bailarina e a formar parte da loita antirracista e antinazi. Morre Mary Jacobi Putman, pioneira da física e estudosa da anatomía.

- 1908: Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Dinamarca. Convocadas pola WSPU, concéntranse 250 000 persoas en Hyde Park para reclamar o dereito das mulleres a votar. Congreso de mulleres en San Petesburgo. Nace Simone de Beauvouir.

- 1909: Premio Nobel de Literatura para Selma Lagerlöf. Alexandra Kollontai publica *Sotsial'nye osnorry zhenskogo voprosa*. Celébrase en EE UU o Día Nacional da Muller.

- 1910: Proclamación da República Portuguesa, decreto de abolición da nobreza. Declárase o 8 de marzo como Día Internacional da Muller Traballadora na Internacional Socialista de Mulleres. Fúndase a Liga Republicana das Mulheres Portuguesas. Morre Isabel Blackwell, primeira doutora en Medicina dos EE UU.

- 1911: A aparición dunha muller con saia-pantalón nun teatro de París provoca o escándalo. Outórgaselle o Nobel de Química a Marie Curie. Créase en Xapón o Movemento Seito Sha de Liberación da Muller.

- 1913: Voada con dinamita a casa de campo do chanceler británico Loyd George por un grupo de sufraxistas. Morre Mathilde Marchesi, cantante e profesora de música en varios conservatorios europeos.

- 1914: Primeira Guerra Mundial, o 14% das súas vítimas serán civís. A Alianza Internacional polo Voto da Muller (International Woman Suffrage Alliance), en nome de doce millóns de mulleres de 26 países, fai un manifesto que insiste entre outras cousas na necesidade de buscar vías dialogadas para afrontar os conflitos entre nacións. Participación activa de mulleres no seo da Segunda Internacional na defensa do pacifismo: Rosa Luxemburgo, Alexandra Kollontai. Mary Richardson, líder feminista inglesa en folga de fame, é obrigada a alimentarse pola forza. Conferencia Internacional de Mulleres. Amnistía para as sufraxistas inglesas encarceradas por defender o dereito ao voto das mulleres.

- 1915: Reunión de mulleres socialistas en Berna, onde elaboran un documento contra a guerra. Fundación do Partido da Muller pola Paz (Woman’s Peace Party) nos EE UU. Primeiro Congreso Internacional de Mulleres pola Paz na Haia.

- 1916: I Congreso Feminista Nacional en Yucatán (México). O grupo de Milán foi perseguido a consecuencia dunha petición a favor da paz que Rosa Geroni fixo circular en decembro.

- 1917: Revolución Soviética. Primeira muller ministra da historia. Seguindo fórmulas diferentes, concédese o voto ás mulleres en Holanda, Rusia, Alemaña, Austria, Checoslovaquia e Polonia. Grupos de mulleres pola paz comezan a ter boicots nos seus mitins. A espía holandesa Margar Gertrudis Zelle, *Mata-Hari*, é detida nun hotel de París.

- 1917-1918: Ten o seu auxe a Cruzada de Mulleres pola Paz en Inglaterra.

- 1918: Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Inglaterra. Fin da Primeira Guerra Mundial. Faise difícil de crer, tal e como fixeran as sufraxistas, que as mulleres fosen unha forza de paz, se ben houbo mulleres resistentes á guerra, tamén as houbo cómplices.

- 1919: Obtense en Dinamarca a igualdade de salarios entre homes e mulleres. Creación da Organización Internacional do Traballo (OIT). Creación da Bauhaus en Alemaña. Primeira folga de obreiras en Medellín. Primeiro Congreso Internacional de Mulleres Traballadoras. Creación da Federación Canadense de Mulleres Universitarias. Creación da Asociación Internacional da Reconciliación (International Fellowship of Reconciliation). Rosika Schwimmer é nomeada embaixadora. Segundo Congreso Internacional de Mulleres pola Paz en Zürich, asisten mulleres de 16 países. Nace Casey Miller, que chegará a ser unha escritora pioneira na defensa dunha linguaxe non sexista. Rosa Luxemburgo é asasinada polo exército alemán.

- 1920: As mulleres obteñen o dereito ao voto nos EE UU. Primeiras emisións de radio en EE UU e Francia (Radiola), en menos de 10 anos vaise converter nun dos máis importantes medios de comunicación. Esmorece a Asociación Nacional da Muller Sufraxista (National Woman Suffrage Association. NWSA), asociación feminista radical independente de igrexas e de partidos políticos e fundada polas antropólogas Candy Stanton e Susan B. Anthony, entre outras. Julieta Lanteri preséntase ás eleccións de Arxentina polo Partido Feminista Nacional.

## 1921-1940

- 1921: Constitución da Federación de Sociedades Galegas en Bos Aires. Primeiras publicacións de prensa amarela en EE UU. Olimpíada feminina en Montecarlo, organizada contra a ríxida actitude do CDI, que restrinxe a participación das mulleres nas Olimpíadas e limita a súa indumentaria.

- 1922: Fuco Gómez funda na Habana o Comité Revolucionario Arredista Galego. Chegada do Fascismo ao poder en Italia. Publícase o *Ulises* de Joyce. Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Canadá.

-1923: Oficialización do Nacional Socialismo en Alemaña. Tamén en Alemaña, nace a futura escultora Meier Dennighoff.

- 1924: En Dinamarca noméase ministra a unha muller.

- 1925: Sigmund Freud escribe o artigo «A cuestión da muller»; Karen Horney respóndelle. Primeiras emisións da BBC.

- 1926: Outórgaselle o Nobel de Literatura a Grazia Deledda. Celébrase o X Congreso da Alianza Internacional para o Voto das Mulleres.

- 1927: Morre a bailarina Isadora Duncan. Morre María Josefa Saavedra, primeira avogada boliviana. A Liga de Nacións publica *Report of the Special Body of Experts on Traffic in Women and Children*. A Universidade de Oxford restrinxe o número de mulleres admitidas como estudantes.

- 1928: As mulleres obteñen o dereito a votar en Gran Bretaña. Morre a sufraxista inglesa Emmeline Pankhurst. Morre a escritora boliviana enfrontada aos conservadores Adela Zamudio.

- 1929: Virginia Woolf escribe *A room of One's Own*. Crac bolsista de Nova York.

- 1931: Outórgaselles o Nobel da Paz a Jane Addams e a Nicholas Murray Butler. Fúndase a revista *Sur*, na que participan importantes escritoras e escritores deste século. Inaugúrase no Ateneo Feminino de Bos Aires a 1ª Exposición de Libros de Mulleres. Nace en Bos Aires Rosa Graciela Castagnola de Fernández Meijide, quen vai desenvolver un importante labor político.

- 1932: Nace Dian Fossey, que chegará a ser unha zoóloga especializada en gorilas.

- 1933: Morre Clara Zetkin, dirixente comunista e feminista alemá. Convención sobre os Dereitos do Home. Congreso Internacional de Mulleres Antifascistas. Hitler chega ao poder en Alemaña.

- 1934: En Noruega as mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa. Morre en París a dúas veces Premio Nobel Marie Sklodowska (de casada Marie Curie). Nace en México Nancy Cárdenas, que chegará a ser escritora. Morre a feminista inglesa Kate Sheppard. Morre a aviadora francesa Hélène Boucher. Morre Cecilia Grierson, primeira médica arxentina, hixienista e educadora.

- 1935: Outórgaselles o Nobel de Química a Irène Joliot-Curie e Frédéric Joliot. Créase en Venezuela a Unión Nacional de Mujeres, composta por mulleres do Partido Comunista e a Agrupación Cultural Femenina, a iniciativa de Lola Morales de Lara.

- 1936: En Inglaterra Stella Browne, Dora Russell e outras mulleres socialistas forman a Asociación para a Reforma da Lei do aborto (ALRA). En Venezuela e promovida, entre outras, por Luisa del Valle Silva e Ada Pérez créase a Asociación Venezolana de las Mujeres. Pacto antikomintern; Alemaña e Xapón contra a URSS e a Internacional Comunista. Golpe de estado do xeneral Metaxas en Grecia.

- 1937: Hitler descobre os seus plans de conquista do mundo mediante a violencia. Italia adhírese ao pacto antikomintern. Guerra chinesa-xaponesa. Morre Edith Warton Hawbold, feminista, escritora e arquitecta. A Liga de Nacións autoriza a formación do Comité da Condición das Mulleres. Promúlgase a Constitución da República Irlandesa, na que se teñen en conta os dereitos das mulleres.

- 1938: O III Reich anexiona Austria. Conferencia de Múnic entre Hitler, Mussolini, Chamberlain e Deladier. Premio Nobel de Literatura para a norteamericana Pearl S. Buck.

- 1939: Pacto de non agresión xermano-soviético. Italia invade Albania. Alemaña ataca Polonia. Francia e Inglaterra declaran a guerra contra Alemaña. Comeza a Segunda Guerra Mundial, ao seu remate o 50% das vítimas son civís. Primeiros microscopios electrónicos en EE UU. En Suíza créase o insecticida antipragas DDT.

- 1940: Morre Emma Goldman, escritora e anarquista. En Venezuela celébrase a Conferencia Femenina Nacional co obxectivo de promover leis máis xustas para as mulleres.

## 1941- 1960

- De Gaulle crea en Londres un Comité Nacional de Franceses Libres.

- 1941: Comezo da guerra no norte de África. Pacto neutralidade URSS-Xapón. Pacto anglosoviético contra Alemaña. Bombardeo en Pearl Harbour. EE UU declara a guerra a Xapón, Alemaña e Italia. Firma da Carta do Atlántico entre Churchil e Roosevelt. Nace en Suecia Elfrida Andrée, que chegará a ser unha importante compositora e organista. A poetisa portorriqueña Julia de Burgos participa en seminarios públicos sobre a independencia de Porto Rico. Morre Virginia Woolf.

- 1942: Ghandi insta a Gran Bretaña para que abandone a India. Conferencia de ministros latinoamericanos en Río de Xaneiro. Decídese a intervención na guerra contra as potencias do eixe. Morre a fotógrafa Tina Modotti, que na Guerra Civil española (1936-1939) traballara coas Brigadas Internacionais. Nace Aretha Franklin, que chegará a ser cantante.

- 1943: Disolución do Komitern -Internacional Comunista-. «Revolta da rúa das Rosas» en Berlín, semana de actos de protesta de mulleres casadas con xudeus contra a detención dos seus maridos polo réxime nazi. A escritora Joyce Lussu participa na loita armada contra o nazi-fascismo en territorio italiano ata 1945 e acada o grao de capitán de reserva do exército. Morre Simone Weil, filósofa e escritora francesa, traballadora de empresa automobilística, que se alistara na Columna Durruti no 1936.

- 1944: Resistencia francesa e expulsión das tropas alemás de ocupación. Constitúese o Consello de Galiza en Montevideo. Representantes de varios países chegan a acordos para instaurar un sistema monetario e financeiro internacional e crean as bases de institucións financeiras: Fondo Monetario Internacional (FMI), Banco Mundial (BM), Organización Mundial do Comercio (OMC), Banco de Pagos Internacionais (BPI). Outórgase o Premio Goncourt á obra de Elsa Triolet *Le premier accroc coûte 200 Francs*.

- 1945: Fin da Segunda Guerra Mundial, no seu decurso moitas mulleres forman parte do Movemento de Resistencia na Loita contra o Nazismo. Capitulación do exército alemán. Lanzamento das bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki. Capitulación e desarme de Xapón. Proclámase a República Democrática de Vietnam. Fundación da Liga Árabe. Proceso de Núremberg. División do mundo en dous bloques. Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Francia e Italia. Outórgaselle o Nobel de Literatura a Gabriela Mistral. Morre María Lacerda de Moura, considerada como unha das pioneiras feministas brasileiras. Morre Odette Churchill, antifascista francesa, torturada pola Gestapo, internada no campo de Ravensbrück. Ana Frank morre asasinada polos nazis en Auswitch.

- 1946: Seis mulleres son elixidas membros do Parlamento xaponés. Outórgaselles o Nobel da Paz a Emily Greene Balch e a John R. Mott. No xuízo de Núremberg non se recoñece que a violación é un crime de guerra ou contra a humanidade. Na Arxentina apróbase a Ley de Derechos Políticos de la Mujer, inclúe o dereito ao voto.

- 1947: Inicio en EE UU da doutrina Truman (acción militar económica contra a expansión comunista). Programa de reconstrución europea (Plan Marshall). Proclamación de independencia da India. En Venezuela as mulleres obteñen o dereito ao voto e a seren elixidas. Gerty Cory é galardoada co Premio Nobel de Fisioloxía e Medicina polo seu traballo sobre o metabolismo dos hidratos de carbono. Nace Petra Kelly.

- 1948: Proclámase o estado de Israel en territorio palestino. Asasinato de Ghandi. Fundación da ONU e promulgación da actual Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que contempla a igualdade entre os sexos. A ONU condena o réxime español e nega a entrada de España na organización. A socióloga holandesa Hilde Verwey-Jonker escribe que é perigoso aceptar que a guerra é asunto de homes e a paz de mulleres. A antropóloga Margaret Mead publica *Male and Female,* libro en que amosa empiricamente a arbitrariedade cultural da construción do masculino e do feminino. Morren a investigadora do metabolismo bacteriano Marjory Stephenson e a matemática Mileva Maric.

- 1949: Consello de Europa. Proclámase a República Popular de China. Separación da India e Paquistán. Créase a OTAN. A convención de Xenebra non recoñece a violación como crime de guerra ou contra a humanidade. Simone de Beauvoir publica *Le deuxième sexe*; este libro vai ser recoñecido como o impulso para o renacer do feminismo dos anos setenta, representado nos EE UU por feministas como Betty Friedan, Sulamith Firestone ou Kate Millet.

- 1950: A estas alturas do século XX o protagonismo das mulleres no movemento pola paz e o pacifismo nuclear é innegable. Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Xapón e no Quebec.

- 1951: Convención sobre o estatuto de refuxiados.

- 1952: Morre María Montessori, pedagoga italiana, primeira en conseguir a graduación médica. Galardoada co Premio Goncourt a obra de Beatrice Beck *Léon Morin, Prêtre*. Morre Victoria Ocampo, importante escritora arxentina, que chegara a ser nomeada Académica das Letras Arxentinas, é a primeira vez que unha muller ocupa ese cargo.

- Descóbrese a estrutura do ADN.

- 1954: Premio Goncourt para Simone de Beauvoir polo seu ensaio *Mandarins* sobre a condición das mulleres. Morre Frida Kahlo.

- 1955: Fúndase en EE UU a rede de centros Hijas de Bilitis, integrada por feministas lesbianas. Promúlgase en Perú a Lei de Sufragio Femenino. Morre Milly Witkop Rooquer, anarquista rusa que escribiu unha importante obra sobre o sindicalismo.

- 1956: Primeiro Congreso da Emigración Galega en Bos Aires. Bette Nesmith Graham patenta o Tippex. Morre Irene Juliot-Curie, Premio Nobel de Física en 1935.

- 1957: Tratado de Roma. Creación da Comunidade Económica Europea (CEE).

- 1958: Fin da guerra de Corea e división do país en norte e sur. Morre Rose Macaulay, antropóloga, poetisa e periodista inglesa, Premio Femina Via Hereuse.

- 1959: Triunfo da Revolución Cubana. A ONU subscribe a Convención sobre os Dereitos Políticos da Muller.

- 1959-1975: Guerra entre Vietnam do norte e Vietnam do sur, Xot únese á guerrilla contra a ocupación estadounidense.

- 1960: Ponse á venda a primeira pílula anticonceptiva, denominada «Enovid». Sirimavo Bandaranaike é nomeada primeira ministra de Ceilán, é a primeira vez que unha muller ocupa este cargo. Morre Melanie Klein, unha das mais importantes psicanalistas do século XX.

## 1961-1980

- 1962: Asasinato de Luther King. Independencia de Alxeria. Creación da Conferencia das Mulleres Africanas con carácter cultural. Galardoada co Premio Goncourt a obra de Anna Langfus *Les bagages de sable*.

- 1963: Congreso Mundial das Mulleres en Moscova. Outórgase o Premio Nobel de Física a Maria Goeppert-Mayer, Eugene Wigner e J. Hans D. Jensen. Betty Fridman publica *The feminine mystique*. A cosmonauta Valentina Vladirnirovna Treshkova orbita a terra, farao noutras tres ocasións ao longo da súa vida.

- 1964: Outórgaselle o Nobel de Química a Dorothy Crowfoot Hodgkin. Morre en Bos Aires María Miramontes. Margaret Chase presenta a súa candidatura á Casa Branca (EE UU).

- 1966: Fúndase en EE UU a National Organization of Women, grupo de ideoloxía liberal do que forman parte Betty Friedan e Margaret Mead. Pacto internacional sobre os dereitos civís e políticos. Indira Gandhi é elixida primeira ministra da India.

- 1967: A ONU proclama a declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. Mulleres guineanas protestan pola discriminación na educación. Asasinato de Ernesto *Che* Guevara.

- 1968: Organización do Maio francés por estudantes e intelectuais e no que o movemento feminista ten tamén un importante lugar. Movementos estudantís nos EE UU contra a guerra de Vietnam e a favor do pacifismo. Creación da coalición New York Radical Feminists. Creación en Berlín do Consello de Acción para a Liberación da Muller. Celebración do Primer Seminario para la Evaluación da Condición Femenina Venezolana. Créase en Suíza o Movemento para a Liberación da Muller (FBB en Zürich e MLD en Xenebra). Morre Lise Meitner, quen investigara sobre a radioactividade e a física nuclear.

- 1969: Créase *arpanet*, núcleo da actual internet. Gran número de folgas de traballadoras portuguesas de diferentes sectores industriais ao longo de todo o ano. Créase en Chicago a Unión para a Liberación da Muller. En Nova York créase a Radical Feminista de Nova York (New York Radical Feminist), que organiza grupos de autoconciencia nomeados por Sarachild como *consciousness-raising*. Créase o Centro de Mulleres de Vancouver. Créase en Londres o Centro de Liberación da Muller. Créase en Inglaterra a revista *Shrew*. Sheila Rowbotham publica *Women’s Liberation and the New Politics*. Lesbianas e gais

enfróntanse á represión policial nos arredores de Stonewall In, bar de Nova York. Morre Alexandra David-Neel, feminista e exploradora francesa que elaborou un folleto feminista sobre os dereitos das mulleres no fogar; fora a primeira muller que chegou ao Tibet en solitario.

- Na década de setenta emerxe a Teoría do Punto de Vista Feminista (Feminist Standpoint) da man de sociólogas e filósofas familiarizadas cos escritos de Marx, Engels e Luckas.

- 1970: Primeiras manifestacións de mulleres en Xapón. En EE UU Kate Millet publica S*exual Politics* e Sulamith Firestone *The Dialectic of Sex: A Case for Feminist Revolution*. En Italia créase Revolución Feminista (Rivolta Femmenile), feminismo da diferenza, e en relación con esta corrente publícase o libro de Carla Lonzi S*putiamo su Hegel*. En Inglaterra celébrase a primeira Conferencia Nacional do Movemento pola Liberación da Muller. En Dinamarca créase o movemento Medias Vermellas. Morre en México Mará Lombardi, loitadora italiana perseguida polo fascismo.

- 1971: Recoñecemento do dereito ao voto ás mulleres en Suíza. A Unión Suíza para a Legalización do Aborto (USDA) comeza unha campaña a prol da gratuidade e legalidade deste. Créase nos EE UU o Partido Feminista. En Alemaña un grupo de mulleres funda Loita Revolucionaria.

- 1972: A líder negra Ángela Davis, membro do Partido Comunista, é absolta da acusación de proporcionar armas a tres revolucionarios. Creación do Centro de Mulleres de Ottawa. Creación do Centro de Información Feminino en París. En Londres créase o Grupo Londiniense de Acción a prol do Aborto (WACC). Creación da Alianza de Acción das Mulleres, que ofrece información dos diferentes grupos de mulleres que se foron formando desde Novo México ata Alaska e desde Nova York a Los Ángeles. Creación en Bélxica do Grupo para a Responsabilidade Política da Muller, o Partido Feminista Unificado e Infor-Femmes. Na súa obra *Sex, Gender and Society* a socióloga feminista Ann Oakley postula a distinción entre sexo e xénero. Publicación de *Novas cartas portuguesas,* considerado como o primeiro manifesto feminista portugués; as súas autoras, María Isabel Barreno, María Teresa Horta e María Fátima Velho (as tres Marías), son detidas e a publicación confiscada. Morren a física nuclear de orixe polaca María Goeppert-Mayer e a xenetista botánica e antinazi Elisabeth Schieman.

- 1973: Mobilizacións a prol do dereito ao aborto, en particular en Francia e Italia; en EE UU promúlgase a regulación xurídica e legal de tal dereito. Mary Daly publica *Beyond God the Father: Toward a Philosophy of Women's Liberation*. Créase en Nova York a Organización Nacional de Mulleres Negras. Créase en Montreal o Lugar das Mulleres. En Bélxica o Grupo de Busca e de Información Feminista publica a revista *Cahiers du Grif*. En Xapón publícase a revista feminista de tendencia radical *Onna-Eros* (Muller-Eros). Rozsa Peter é nomeada primeira muller matemática da Academia Húngara das Ciencias. Tras o golpe de estado de Pinochet, Lily Traubman, laica, feminista e iniciadora do Grupo Socialista, trasládase a vivir a Kibutz. Helene Cixous publica *Portrait du Soleil*. Morre a sufraxista inglesa Helen Pankhurst. Morre Elise Ottensen-Jensen, pioneira da educación sexual e da planificación familiar.

- 1974: Revolución dos Cravos en Portugal, o 20 de maio mulleres portuguesas crean o Movimento pelo Divórcio. En Etiopía, 3000 mulleres marchan ata o palacio do emperador Haile Selassie, reclamando mellores condicións de traballo. Primeira Conferencia das Nacións Unidas sobre poboación. A Conferencia das Mulleres Africanas define o seu obxectivo principal: a integración das mulleres na sociedade. D'Eaubonne, figura emblemática do movemento feminista francés e cofundadora en 1971 da Fronte Homosexual de Acción Revolucionaria (FHAR), cuña a noción de ecofeminismo. Juliet Milchell publica *Psychoanalysis and Feminism. Freud, Reich, Laing and Women*. Annie Leclerc publica *Parole de femme*. Créase en Francia a Liga dos Dereitos da Muller. Créase a Fronte de Mulleres de Dinamarca. Tamén en Dinamarca publícase a revista *Kvinder.* A Federación Democrática Internacional de Mulleres pide ante a ONU que 1975 sexa declarado como Ano Internacional da Muller.

- 1975: Independencia de Angola. Lei de protección do emprego. O goberno portugués revisa o Concordato coa Igrexa católica de xeito que se permite o divorcio civil para os casamentos celebrados pola Igrexa. A ONU declara o 1975 como Ano Internacional da Muller e organiza en México a I Conferencia Mundial sobre a Muller, onde se inicia un prazo de dez anos para o desenvolvemento e a mellora da situación das mulleres no mundo. Susan Brownmiller publica *Against Our Will: Men, Women and Rape*. En Perú créase a Comisión Nacional de la Mujer Peruana e declárase o Año de la Mujer Peruana. En Portugal o Movimento de Libertação das Mulheres fai a súa primeira convocatoria pública, as empregadas do fogar tamén se organizan e crean sucursais en todas as cidades. Creación do Partido Feminista Unificado en Francia e Bélxica. En Francia mulleres artistas forman o grupo Dialogue. En Inglaterra créase o Wires, centro de información nacional do movemento feminista. En Nova York miles de mulleres marchan pola avenida Broadway en demanda da igualdade de dereitos (ERA). En Irlanda nace un gran número de grupos feministas, como Mulleres Irlandesas Unidas (IWU) ou Acción, Información, Motivación (AIM). Créase en Venezuela a Comisión Femenina Asesora de la Presidencia de la República, unha de cuxas actividades é a convocatoria do I Congreso Venezolano de Mujeres. Danse os primeiros pasos para a creación do Comité de Madres de Desaparecidos de El Salvador. En Suíza a Alianza das Sociedades Femininas Suízas, fundada a comezos de século, volve cobrar impulso. Morre a filósofa xermano-estadounidense Hannah Arendt. Morre Doria Shafik, feminista, sufraxista e activista exipcia.

- 1976: Remate da guerra de Vietnam. Primeiro Tribunal Internacional de Crimes contra as Mulleres en Bruxelas do 4 ao 8 de marzo. Comezo da década das Nacións Unidas para a muller. Apróbase en Portugal unha constitución en que se declara a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Outórgaselles o Nobel da Paz a Betty Williams e Mairead Corrigan. En Bélxica fúndase o Centro de Mulleres en Liexa. Catro mulleres entran a formar parte do goberno de Roma. En Irlanda fórmase o Movemento de Mulleres para a Paz, formado por mulleres protestantes e católicas. Morre a escritora inglesa de novelas de suspense Agatha Christie.

- 1977: Outórgaselles o Nobel de Medicina a Rosalyn Yalow, Roger Guillemin e Andrew V. Schally. En Portugal fúndase a Cooperativa Editorial de Mulheres. Festival feminista en Holanda. En Zürich fúndase a Organización pola Causa da Muller (OFRA). En Suíza créase Isis, Centro de Información e Documentación no Movemento Internacional da

Liberación da Muller. No Quebec publícase o periódico feminista *Les Têtes de Pioche*. En Nicaragua créase a Asociación de Mujeres Nicaraguanas Luisa Amanda Espinoza. En Arxentina toman corpo en abril as Madres de Plaza de Mayo e meses máis tarde Abuelas de Plaza de Mayo. En París os días 19-20 de maio lévase a cabo un encontro para a formación da I Internacional Feminista; nos debates interviñeron: Partido Feminista Unificado Francés, Partido Feminista Unificado de Bélxica, Partido Feminista de Alemaña, os colectivos de Barcelona e Madrid e Organización Feminista Revolucionaria de Cataluña.

- 1978: Despois das mobilizacións populares masivas dos anos 70, o goberno italiano regula a Lei do aborto.

- 1979: O goberno francés regula por lei o aborto. A ONU adopta a convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. Outórgaselle o Premio Nobel da Paz á madre Teresa de Calcuta. Zillah Eiesenstein publica *Capitalist Patriarchy and the Case for Socialist Feminism*. Fúndase o partido de Los Verdes (Die Grünen) en Alemaña.

- 1980: Independencia de Zimbabwe logo de vinte anos de guerra contra a supremacía branca. Revisión do Plan de Acción de Copenhaguen (ONU). Conferencia Mundial do Decenio das Nacións Unidas para a Muller. En Portugal noméase por vez primeira unha gobernadora civil, Mariana Calhau Perdigão. Entra na Academia da Lingua Francesa Marguerite Yourcenar. En Noruega Gro Brundtland é elixida primeira ministra. As relacións entre feminismo, heterosexualidade e lesbianismo xeran divisións entre feministas materialistas. Morre María Antonia Barreto Aquino, militante anarquista do Movimento Libertario Português. Morre a revolucionaria cubana Celia Sánchez Manduley.

## 1981-1985

- Nas guerras que se van producir ao longo das décadas dos oitenta e noventa, un 80% son vítimas civís.

- 1981: Entrada en vigor da Convención sobre a Discriminación contra a Muller (ONU). Sandra Day O'Connor é nomeada xuíza na Corte Suprema de EE UU. Un grupo noruegués de mulleres pola paz no mes de xuño inicia unha marcha en Copenhaguen que chega a París no mes de agosto. No Primer Encuentro Feminista Latinoamericano xorde a proposta de facer do 25 de novembro un día de reflexión e denuncia contra as diferentes formas de violencia contra as mulleres; desde 1982 e en diferentes puntos do planeta fanse celebracións, pero será na Conferencia Internacional da Muller, organizada por Terre de Hommes en maio de 1987, cando se declare oficialmente Día Internacional pola non Violencia contra a Muller, tamén chamado Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. A actriz e política Melina Mercuri é nomeada ministra de Cultura en Grecia. Créase a Rede Europea de Mulleres. Iníciase a marcha de mulleres contra a OTAN, durará 13 anos. O debate feminista xira arredor de dúas grandes liñas: igualdade e diferenza.

- 1982: Outórgaselles o Premio Nobel da Paz a Alva Myrdal e a Alfonso García Robles. A petición de grupos feministas, en Francia establécese o 8 de marzo como día festivo. Tamén

en Francia, créase a Axencia de Mulleres da Información. Mulleres israelís, tras decatarse da súa invisibilización nos grupos de paz mixtos, comezan a actuar pola súa conta. Grupos de mulleres nórdicas pola paz parten de Estocolmo nunha marcha ata Moscova. No mes de setembro 40 mulleres de Gales, do grupo Mulleres pola Vida e a Terra, xunto con algúns homes fan unha marcha desde Cardiff ata a base aérea da OTAN en Greenham Common, protestan pola decisión de instalar nela 96 mísiles nucleares de cruceiro e establecen campamento permanente; este campamento convértese en referencia do movemento pola paz e móntanse campamentos noutras bases; 250 mulleres bloquean as instalacións e houbo 34 detidas, o campamento foi desaloxado en maio, mais recolócanse constantemente; no mes de decembro fan unha cadea humana de abrazo á base; o campamento permanece na base ata o ano 2000. Confírmase que Alaide Foppa, escritora feminista de Guatemala, fora asasinada había dous anos polo goberno do ditador Romeo Lucas García. Masacre de mulleres labregas en El Petén (Guatemala). Morre Helena Wright, médica inglesa pioneira no control da natalidade.

-1983: Chegan os primeiros mísiles á base aérea da OTAN en Greenham Common e no mes de abril 70 000 persoas forman outra cadea humana arredor da base. Convención en Berlín por unha Europa desnuclearizada. Nancy Harstock publica *El punto de vista feminista: desarrollando las bases para un materialismo histórico específicamente feminista*. Petra Kelly publica *Loitar pola esperanza. Sin violencia hacia un futuro verde.* Outórgaselle o Nobel de Medicina a Barbara McClintock. Morre a escritora portuguesa María Lamas. Morre Leda Eafanelli. Morre May Picqueray, anarquista francesa encargada do periódico *Le Refractarie.*

- 1984: Convención en Perugia por unha Europa desnuclearizada. O Parlamento portugués aproba o proxecto sobre a despenalización do aborto. Adopción da recomendación relativa a accións positivas a favor das mulleres (ONU). A obra de Marguerite Duras *L'Amant* é galardoada co Premio Goncourt. Morre asasinada a primeira ministra da India, Indira Gandhi.

- 1985: Conferencia Mundial da ONU sobre as Mulleres en Nairobi; faise balance do conseguido nos diferentes países desde 1975. O Parlamento Europeo adopta no mes de marzo a Recomendación sobre a Violencia no Seo da Familia, no mes de decembro establece o Premio Sajarov para a Liberdade de Conciencia. A bióloga e filósofa feminista Donna Haraway publica o seu manifesto *Cyborg*. Luce Irigaray publica *This Sex Which Is Not One* e *Speculum: Of the Other Woman*. Morre Margaret Michaelis, fotógrafa austríaca, realizou reportaxes durante a Guerra Civil española de 1936-1939. Morre Simone de Beauvoir.

## 1986-1990

- 1986: A ONU adopta a recomendación da reunión de expertos sobre violencia no fogar e os seus efectos nas mulleres. O Parlamento Europeo adopta resolucións sobre as agresións á muller.

- 1987: Os presidentes de EE UU e URSS firman o Tratado para as Forzas Nucleares de alcance intermedio (Intermediate-range Nuclear Forces Treaty). Outorgan o Premio Nobel de Química a Jean-Marie Lehn, Donald J. Cram e Charles J. Pedersen. A Coordinadora Europea de Mulleres organiza o seminario Violência contra as Mulheres en Lisboa. Tamén en Portugal constitúese a Coordenadora Nacional de Mulheres.

- 1987-1993: Primeira Intifada e en Israel créanse numerosos grupos de mulleres a favor da paz.

- 1988: Benazir Bhutto é elixida xefa do goberno de Paquistán; é a primeira muller que ocupa este cargo nun país islámico. Manifestación antinuclear fronte á embaixada francesa en Bonn. Outórgaselles o Nobel de Medicina a Gertrude B. Elion, Sir James W. Black e George H. Hitchings. Créase en Israel Mulleres de Negro (Women in Black), rede mundial de mulleres contra a guerra, a violencia e o militarismo. As mulleres da Asociación pola Paz de Italia deciden constituírse como Mulleres de Negro. O 12 de setembro constitúese en Guatemala o grupo CONAVIGUA, composto por mulleres de orixe maia contra a violencia xeneralizada impulsada polo exército contra comunidades indíxenas. Morre María Teresa de León, escritora republicana comprometida contra a guerra.

- 1989: Caída do Muro de Berlín. Progresiva disolución da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas. Adopción por parte da ONU da Convención sobre os Dereitos do Neno. Inicio dun proceso de diálogo entre mulleres israelís e palestinas en Bruxelas. Alice Echols publica *Daring to Be Bad: Radical Feminism in America, 1967-75.*

- 1990: Entrada en vigor da Convención sobre os Dereitos do Neno. Mary Robinson é elixida presidenta de Irlanda. Margaret Thatcher dimite como primeira ministra do Reino Unido. Marcha pola Paz en Xerusalén, que congrega a mulleres israelís, palestinas, americanas e europeas. Outórgaselle o Premio Sajarov a Aung San Suu Kyi, activista e líder birmana contra a violencia. Myrna Mack é asasinada por un comando do Estado Mayor Presidencial de Guatemala.

## 1991-1995

- Uso da categoría de xénero para analizar a organización social das relacións entre os sexos e as relacións desiguais de poder. Insístese no carácter relacional da dita categoría e en que non debe nin pode identificarse xénero con mulleres.

- Nos anos noventa, coa presión de mulleres de África e de todo o mundo, as axencias de Nacións Unidas logran colocar o problema da ablación nas axendas da saúde e dereitos humanos das mulleres.

- 1991: Referendo pola independencia de Croacia. Tim Beiners-Lee crea en Suíza a World Wide Web (www). Guerra do Golfo. O Partido das Mulleres (Zest) de Belgrado fai un chamamento á responsabilidade histórica dos distintos parlamentos ante os conflitos. Constitúese tamén en Belgrado o Parlamento de Mulleres o 8 de marzo como resposta á baixísima presenza delas no Parlamento oficial, 1,6%. Constitúense Mulleres de Negro en

Italia contra a guerra do Golfo Pérsico. En Belgrado e Pancevo fórmanse grupos de Mulleres de Negro contra a Guerra (Zene u Crnom Prativ Rata). Nadine Gordimer é premiada co Nobel de Literatura. A xornalista e feminista Susan Faludi é galardoada co Premio Pulitzer e publica *Backlash: the undeclared war against American women*. Naomi Wolf publica *Beauty Myth*. Morre Ruth Badvin Cowan, correspondente de guerra durante a Segunda Guerra Mundial. Morre a actriz alemá Marlene Dietrich.

- 1992: Entre as conclusións da conferencia internacional celebrada en Praga sobre Mulleres de Europa do Leste, inclúese o acordo de que a violación é considerada crime de guerra. No mes de novembro mulleres do grupo Tresnjevka de Zagreb informan aos medios de comunicación da existencia de campos de violación e morte nos territorios ocupados de Bosnia-Hercegovina e Croacia e inclúen unha lista detallada de lugares de localización. Concédeselle o Nobel da Paz a Rigoberta Menchú, activista a favor dos dereitos humanos e das mulleres indíxenas. Declaración de Atenas, na que as mulleres amosan o seu interese en firmar un novo contrato social e en establecer, dunha vez para sempre, unha democracia paritaria. Outórgaselles o Premio Sajarov ás Madres de Plaza de Mayo e o Premio Cervantes á cubana Dulce María Loynaz. Morre a loitadora feminista Petra Kelly. A loitadora social peruana María Elena Moyano é asasinada por Sendero Luminoso.

- 1993: A ONU adopta a Declaración da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Levase á conferencia polos dereitos humanos celebrada en Viena a petición de que a violación sexa considerada crime de guerra. No mes de xaneiro, Amnistía Internacional publica un informe sobre violacións e abusos sexuais en Bosnia-Hercegovina. Con motivo da Conferencia das Nacións Unidas sobre os Dereitos Humanos celebrada en Viena, o Foro Mundial das ONG desenvolve a súa campaña co lema «Os dereitos das mulleres son dereitos humanos». Cerca de 600 mulleres manifféstanse diante da sede das Nacións Unidas de Xenebra para protestar polas violacións de mulleres de Bosnia-Hercegovina cometidas polas tropas serbias e croatas e piden que estes actos sexan considerados «crimes contra a humanidade». Similar pedido formulan as mulleres en Alemaña e Italia.

- 1994: Declarado Ano Internacional da Familia pola ONU. Tamén esta organización nomea un responsable en temáticas de violencia contra a muller e celebra a Conferencia do Cairo. Xenocidio en Ruanda: 800 000 mortes en cen días, estímase que o 2,3 % dos perpetradores son mulleres. En Sudáfrica grupos de mulleres forman unha federación antiapartheid. Matanza no mercado de Saraievo, que remata coa guerra da antiga Iugoslavia. Posteriormente a ONU intervén no conflito. Asemblea xeral do Lobby Europeu de Mulheres en Lisboa. A xinecóloga, columnista e novelista Talisma Nasrin recibe o Premio Sajarov.

-1995: Marcha «Pan e rosas» de dez días contra a pobreza no Quebec. Cuarta conferencia da ONU sobre as mulleres en Beijing co lema «A igualdade –legal e real– entre homes e mulleres é un dereito básico»; paralelamente, lévase a cabo unha conferencia alternativa de mulleres de todo o mundo, que supera en número ás participantes na conferencia oficial e á que asisten unha gran cantidade de mulleres feministas; acórdase comezar a deseñar un proxecto para que as mulleres de todo o mundo se unan ao longo do ano 2000 na MMM (Marcha Mundial das Mulleres). No informe do proxecto «Mulleres e Guerra», realizado polo Panos Institute, recóllense máis de douscentos testemuños de mulleres de 12 países

onde houbo guerra ou confrontacións armadas. Marina da Silva é nomeada ministra do Medio Ambiente de Brasil. O Premio Sajarov é outorgado á escritora kurda Leyla Zana.

- Mediados dos anos noventa, calcúlase que no mundo hai arredor de cen millóns de persoas refuxiadas e desprazadas internas, das que o 80% son mulleres e nenos.

## 1996-2000

- 1996: Créase en Colombia o grupo Mujeres Resistiendo por la Vida. Outórgaselle o Nobel de Literatura á polaca Wislawa Szymborska. Roberta Hamilton publica *Gendering the Vertical Mosaic: Feminist Perspectives on Canadian Society*. Nélida Piñon é nomeada presidenta da Academia Brasileira das Letras. Morre a escritora e cineasta Marguerite Duras.

- 1997: A ONU declara o primeiro decenio para a eliminación da pobreza. O Parlamento Europeo adopta unha resolución sobre a tolerancia cero ante a violencia contra as mulleres. Co apoio político e económico do Consello Nórdico dos Ministros, UNESCO, UNICEF e o Consello de Europa, lévanse a cabo seis conferencias nórdicas e internacionais sobre os roles e valores masculinos e femininos. Tres mulleres pacifistas entran na fábrica da British Aerospace, inutilizan compoñentes armamentísticos de avións militares e penduran pancartas denunciando a matanza de Santa Cruz no Timor Leste en 1991. Creación de Mulleres pola Paz de Nepal. Mulleres israelís e palestinas promoven a campaña «Compartir Xerusalén: dúas capitais para dous estados». Salima Ghezali, directora do semanario *La Nation,* é galardoada co Premio Sajarov. A francesa Laurence de la Ferriere chega ao Polo Sur en solitario. Lucy Roberts, Croline Hamilton, Pam Oliver e Zoe Hudson chegan ao Polo Norte.

- 1998: A ONU adopta o Estatuto da Corte Penal Internacional (xulga crimes contra a humanidade, xenocidios e crimes de guerra). O Parlamento Europeo fai un chamamento á comunidade internacional en apoio ás mulleres afganas. Radhika Coomaraswamy, relatora especial de Nacións Unidas sobre a Violencia contra as mulleres, resalta a participación de mulleres nos exércitos insurxentes e que as mulleres comezan a ser acusadas de crimes de guerra. Cerca de tres mil mulleres chilenas realizan unha gran marcha para repudiar o acceso de Pinochet a unha senadoría vitalicia. Outórgaselle o Nobel de Economía a Amartya Sen. Encontro preparatorio da MMM no Quebec coa participación de 140 mulleres de 65 países; realízase unha análise das mulleres no mundo e concrétase unha plataforma reivindicativa para loitar contra a pobreza e a violencia.

- 1999: Foro Social Mundial en Seattle. Conferencia de París o 17 de abril. Directriz europea da paridade como principio democrático fundamental. Constitución da Plataforma Europea da MMM.

- 2000: A Asemblea Xeral das Nacións Unidas xúntase en Nova York co lema «Igualdade de xénero, desenvolvemento e paz para o século XXI» para facer balance da implementación da plataforma de acción de Beijing. Foro Social Mundial en Porto Alegre. Conferencia Nacional pola Paz de Somalia en Arta, Djibuti. Convocatoria da Plataforma

Europea da MMM en Bruxelas (14 outubro) e da Plataforma Mundial en Washington (15 outubro) e Nova York (17 outubro). I Folga Mundial de Mulleres «Paremos o mundo para cambialo». A Organización Femenina Popular e a Ruta Pacífica de las Mujeres de Colombia acordan constituír un grupo de Mulleres de Negro, estanse a dar os primeiros pasos da Ruta Pacífica de las Mujeres Colombianas. Morre a fotógrafa húngara Kati Horna. Morre a anarquista italiana Luce Fabbri, responsable da revista *Studi Sociali*, editada en Montevideo.

# Século XXI

## 2001-2005

- 2001: Galardoada co Premio Sajarov a profesora universitaria israelí Nurit Peled. Galardoada co Millenium Peace Prize for Women a Ruta Pacífica de las Mujeres Colombianas. Créanse grupos de Mulleres de Negro en Tokyo. Morre Emilie Schindler, responsable, xunto co seu marido, da salvación de máis de 1200 xudeus durante a II Guerra Mundial.

- 2002: Marcha de mulleres polo deserto de Chihuahua (México) ata Ciudad Juárez, reclamando xustiza para as mulleres desaparecidas e asasinadas desde 1993. En Colombia o Movemento de Mulleres contra a Guerra organiza unha marcha en que participan 40 000 mulleres.

- 2003: Nina Pacarí, integrante do goberno de Ecuador desde 1997, asume o cargo de Ministra de los Negocios Extranjeros, sendo a primeira vez nese país que unha muller asume este cargo. Outórgaselle o Nobel da Paz á avogada e activista iraniana Shirin Ebadi. Créase en Coimbra a Rede Lilás. Mobilizacións de grupos de mulleres con participación activa da MMM nas diferentes mobilizacións en contra da guerra de Iraq. Reunión internacional de Mulleres de Negro en Marina di Massa (Italia). É encarcerada Aung San Kyi, fundadora da Liga Nal para a Democracia Birmana. Un mozo exaltado queima viva a moza de 18 anos Sohane Benziane. Morre Monique Wittig, escritora e teórica feminista francesa. Morre a actriz estadounidense Katherine Hepburn.

- 2004: O Tribunal Internacional contra Crimes de Guerra reúnese en Tokyo para xulgar os crimes levados a cabo polo exército xaponés contra as mulleres durante a Segunda Guerra Mundial. O Premio Nobel de Medicina recae en Linda B. Buck e Richard Axel; o da Paz en Wangari Maathai. Convocatoria da Plataforma Europea da MMM na cidade de Vigo. Morre Susan Moller Okin, unha das teóricas feministas máis destacadas do século XX. Morre a novelista, ensaísta e activista Susan Sontag.

- 2005: O goberno israelí desaloxa colonias xudías de Gaza. Aprobación da Carta das Mulleres. Outórgaselles o Premio Sajarov ás Damas de Blanco de Cuba e á avogada nixeriana Huawa Ibrahim. Ellen Johson é nomeada presidenta de Liberia, é a primeira muller que desempeña ese cargo nun país africano. Morre a escritora e activista feminista Andrea Dworkin.

## 2006…

- 2006: Na casa de María Casares en La Vergne créase La Maison du Comédien Maria Casarès. Morre Betty Friedan, precusora do movemento feminista. Morre Iris Marion Young, unha das teóricas feministas máis destacadas do século XX.

- 2007: Morre Grisélidis Real, escritora, prostituta, poetisa e defensora dos dereitos das prostitutas.